

A C T A 11/2022
SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL
- 26 DE OUTUBRO DE 2022 -

Na Casa do Concello, a vinte e seis de outubro de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiras/os:

D.^a Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar
D.^a María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.^a María Vázquez Rey
D.^a María Dolores Nariño Facal
D.^a María Teresa Castro Framil
D.^a Lucía Calvo de la Uz
D.^a Margarita Rosende Domínguez
D.^a Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.^a María Josefa Argibay da Silva
D.^a Carmen Diéguez González
D.^a Patricia Castelao Ferreiro

Non asiste previa escusa:

D. José Manuel Elías Noya

Secretaría xeral:

D.^a Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.^a Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

- 1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 1222/2022 DO 23/09/2022 Á RES 1340/2022 DO 20/10/2022)**
- 2.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PMP 1º E 2º TRIMESTRES 2022**
- 3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DE DNA. M^a DOLORES NARIÑO FACAL COMO CONCELLEIRA**
- 4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**
- 5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ACORDO PREVIO SOBRE A XESTIÓN DIRECTA DO SERVIZO DE RECOLLIDA RSU E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE TEO**
- 6.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**
- 7.- MOCIÓNS**
- 8.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia do concelleiro do PSdeG-PSOE, D. José Manuel Elías Noya, por razóns laborais, procedéndose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día, que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 1222/2022 DO 23/09/2022 Á RES 1340/2022 DO 20/10/2022).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 23 de setembro ata o 20 de outubro de 2022, que comprenden os números 1222 ao 1340.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

2.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PMP 1º E 2º TRIMESTRES 2022.

O sr. alcalde da conta do informe de Tesourería, de 4 de outubro de 2022, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondente ao primeiro e segundo trimestre de 2021. O sr. alcalde sinala que, segundo se desprende do informe citado, no primeiro trimestre o período medio de pago estaba en 48,23 días e no segundo en 34,23 días.

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DE DNA. M^a DOLORES NARIÑO FACAL COMO CONCELLEIRA.

O sr. alcalde da conta da proposta de 17 de outubro de 2022, que se recolle a continuación.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DE DNA. MARÍA DOLORES NARIÑO FACAL

Visto o escrito asinado por Dona María Dolores Nariño Facal, membro do grupo municipal do PP, de data 26 de setembro de 2022 (registro de entrada núm. 5375), solicitando que se faga efectiva a renuncia á súa acta de concelleira da Corporación local.

Considerando que segundo o disposto na Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, sobre substitución de cargos representativos locais, cando se presente escrito de renuncia do cargo de concelleira, o Pleno da entidade local da que forme parte tomará coñecemento da mesma, remitindo certificación do acordo

adoptado á Xunta Electoral de Zona, durante o período de mandato da mesma, en orde ás eleccións locais, e á Xunta Electoral Central unha vez concluído o mandato de aquela, aos efectos de proceder á substitución, conforme ao disposto na Lei orgánica de Réxime Electoral Xeral.

En virtude do exposto e considerando o establecido na instrución citada e na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia presentada con data de 26 de setembro de 2022 (registro de entrada núm. 5375) por Dona María Dolores Nariño Facal.

Segundo.- De conformidade co previsto na normativa aplicable, dar traslado do presente acordo á Xunta Electoral Central, e indicar que, e a xuízo da Corporación, corresponde cubrir a vacante a Don José Antonio Garea Gil.

Teo, 17 de outubro de 2022.

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira”

O sr. alcalde, no seu propio nome e no nome da Corporación, dálle as grazas á sra Nariño polo seu traballo e as súas aportacións, e a nivel persoal agradécelle a colaboración e o bo talante que sempre mantivo coa Alcaldía. Cédelle a palabra á sra. Nariño.

A sra. Nariño sinala que aproveitou a acudir a este último Pleno porque tal e como trasladou no Rexistro é unha decisión meramente profesional. Explica que lle gustaría deixar entrever o gran compañeirismo que existe entre os membros do seu grupo e a labor que levan facendo conxuntamente ao longo destes anos, ata 12 nalgún caso, polo que tamén pensa que é merecido deixar constancia neste caso que a decisión é estritamente profesional, por un cambio para ben na súa vida profesional, que lle require unha atención e dedicación a tempo completo e que non lle permite estar ao cen por cen no traballo municipal.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia presentada con data de 26 de setembro de 2022 (registro de entrada núm. 5375) por Dona María Dolores Nariño Facal.

Segundo.- De conformidade co previsto na normativa aplicable, dar traslado do presente acordo á Xunta Electoral Central, e indicar que, e a xuízo da Corporación, corresponde cubrir a vacante a Don José Antonio Garea Gil.

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro de benestar, persoal, deportes, participación veciñal e servizos básicos, D. Xosé I. Igrexas Vilar.

O sr. Igrexas da conta da proposta da Alcaldía de 13 de outubro de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 20 de outubro de 2022.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INICIO DE EXPTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Visto o informe de necesidade relativo á licitación do servizo de axuda no fogar elaborado polo concelleiro delegado de Benestar, Deportes, participación Veciñal, Servizos Básicos e Persoal, de data 05 de maio de 2022 no que se indica:

“1. A Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia define o SAF como un servizo social comunitario básico e enmarca a súa prestación dentro do ámbito local. En concordancia con esta lei o Decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, afonda na conceptualización e prestación do SAF, incluíndo unha referencia no seu artigo 15 á posibilidade de prestar este servizo de xeito indirecto a través dalgunha das modalidades de contratación pública. No mesmo senso se manifesta a Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

Esta normativa fixa o marco legal de referencia do servizo tendo en conta as peculiaridades introducidas pola Lei 39/2006 de promoción da autonomía e atención á

dependencia, que supón a diferenciación de dúas modalidades de atención: prestación básica ou de libre concorrència e prestación para persoas con dependencia valorada.

2. Por outra parte, a Lei 9/2017 de contratos do sector público, fixa no seu artigo 28 a obriga de xustificar a necesidade de acudir á contratación pública por insuficiencia de medios.

3. O SAF ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu

domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu medio habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou noutras situacións de risco social para as cales resulte un recurso idóneo.

4. As modalidades de atención neste servizo son dúas e están relacionadas coa forma en que se accede a el: a modalidade básica deriva do acceso por libre concorrència de toda aquela familia ou persoa que polas súas circunstancias poida beneficiarse deste servizo, e a modalidade de atención á dependencia de acceso directo para todas aquelas persoas que teñan recoñecido dito servizo dentro do ámbito do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia (SAAD). Neste último caso o servizo adquire un carácter esencial e de execución dun dereito subxectivo.

5. O Concello de Teo carece dun cadro de persoal que poida asumir a prestación do SAF de xeito directo. Dita dotación de persoal suporía dispor dun número de auxiliares de atención domiciliaria que contasen coa titulación necesaria (definida en cada momento pola normativa de referencia), e tamén dun perfil profesional técnico social que realizase, alén das funcións de dirección e coordinación inmediata do persoal auxiliar, o deseño de intervención de caso, xestión de altas, seguimento e baixas no servizo.”

Considerando que o vindeiro 30 de novembro remata a vixencia da prórroga do contrato actual e que, en data 28 de setembro de 2022 por Decreto da Alcaldía acordouse prorrogar, polo período necesario ata que se produza a nova adxudicación do contrato do Servizo de Axuda no Fogar, o contrato asinado en data 05 de novembro de 2019, e con data de inicio do contrato o 01 de decembro de 2019, entre o concello de Teo e a entidade FEPAS, FUNDACION PARA EL ESTUDIO Y LA PROMOCION DE

LA ACCION SOCIAL, CIF G83273284, para a prestación do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE TEO, S-4/2018.

Visto o informe emitido pola Coordinadora de Servizos Sociais do Concello de Teo de data 06 de outubro de 2022 sobre a insuficiencia de medios e a improcedencia da división en lotes do contrato, entre outros aspectos da contratación, e visto o certificado de existencia de crédito de data 28 de setembro de 2022 emitido para a prórroga do contrato de servizo S-4/2018.

Considerando que, de acordo co indicado na documentación que consta no expediente, o importe do servizo para o período de tres anos máis un ano de prórroga ascendería a:

1 ano: 1.223.271,36 €+ 52.520,76 € de IVE = 1.275.792,12 €

3 anos:3.669.814,08 € +157.562,28 € de IVE= 3.827.376,36 €

Prórroga: 1.223.271,36 € +52.520,76 de IVE= € 1.275.792,12 €

4 anos: 4.893.085,44 € +210.083,04 € de IVE = 5.103.168,48 €

Considerando que o apartado 2 da Disposición Adicional terceira da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público sinala que se poderán tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material teña de comezar no exercicio seguinte, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente.

Visto o artigo 116 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e dado que, conforme ca disposición adicional segunda da referida lei, a competencia corresponde ao Pleno da Corporación, **PROPOÑO a adopción do seguinte ACORDO:**

Primeiro.- Considerar necesario, en calidade de órgano de contratación e aos efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, que se tramite a contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Teo nas modalidades de libre concorrência e dependencia, asumindo a xustificación reflectida nos informes do concelleiro delegado de Benestar, Deportes, participación Veciñal, Servizos Básicos e

Persoal, de data 05 de maio de 2022 e da Coordinadora de Servizos Sociais de data 06 de outubro de 2022.

Segundo.- Iniciar, mediante tramitación anticipada de acordo co apartado 2 da Disposición Adicional terceira da Lei 9/2017 de 8 de novembro, o procedemento de adxudicación do contrato para a prestación do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE TEO nas modalidades de libre concorrència e dependencia, por prazo de tres anos con posibilidade dunha prórroga de un ano, por procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria, asignándolle o núm. de expediente S-4/2022, e cuxo orzamento desagregado é o seguinte:

1 ano: 1.223.271,36 €+ 52.520,76 € de IVE = 1.275.792,12 €

3 anos:3.669.814,08 € +157.562,28 € de IVE= 3.827.376,36 €

Prórroga: 1.223.271,36 € +52.520,76 de IVE= € 1.275.792,12 €

4 anos: 4.893.085,44 € +210.083,04 € de IVE = 5.103.168,48 €

Terceiro.- Someter a adxudicación, de acordo co apartado 2 da Disposición Adicional terceira da Lei 9/2017 de 8 de novembro, á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente que se iniciará no 2023.

Cuarto.- Incorporar ao expediente, de conformidade co artigo 116 e ca Disposición Adicional Terceira da LCSP 9/2017:

- Prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas.
- Informe de Secretaría.
- Informe de fiscalización de Intervención.

Quinto.- Delegar na Alcaldía, ao abeiro do previsto no artigo 61 da Lei 9/2017, a competencia en materia de contratación do presente expediente”.

O sr. Igrexas sinala que o anterior contrato da xestión do SAF, que está a cargo da Fundación FEPAS, remata a finais deste mes de outubro, polo que se trata de por en marcha o mecanismo administrativo para poder contratar de novo este servizo.

Sinala que a presa de facelo agora é tal porque é imposible prestar todas as horas de dependencia que están concedidas porque no momento no que se fai o contrato con FEPAS o Concello era beneficiario de 2.738 horas e xa aos poucos meses pasouse a 3.076 e neste momento son 4.351 horas. Explica que como os contratos non se poden ampliar máis que un determinado tanto por cento, facendo números e concentrando a ampliación nos últimos meses conseguíuse ir aumentando horas e ter neste momento arredor de 3.300 horas, co cal habería que facer un novo contrato para poder asumir as 1.000 horas que hai concedidas e que non se poden prestar porque o anterior contrato non se pode ampliar. Sinala o sr. Igrexas que hai outro elemento importante que é o cambio de prezo, pois neste momento o prezo está en 15,60 € a hora ordinaria e 16,09 € a hora extraordinaria.

Salienta o sr. Igrexas que a proposta do estudo económico que leva o informe técnico anexo prevé un aumento para a hora ordinaria de 21,06 €, é dicir, case 6 € a maiores, e o prezo da hora extraordinaria a 24,69 €, tamén case 8 € a maiores.

Sinala que hai que proceder canto antes porque senón o servizo estase vendo lastrado tanto por unha imposibilidade de asumir toda a carga horaria que ten o servizo da dependencia como pola necesidade de actualizar os prezos que permitan unha xestión nos próximos anos.

Tamén indica que aínda que na proposta se fala de delegar na Xunta de Goberno Local o artigo 123 do ROF prevé que as competencias delegadas na XGL se informen igualmente nas Comisións Informativas, como se fixo no anterior contrato cando se contratou o servizo con FEPAS, polo que, aínda que se delegou no citado órgano, tamén se levaron a unha Comisión Informativa os pregos técnicos da contratación, que asina a coordinadora dos servizos sociais, e os pregos administrativos que asina a Secretaria adxunta, que é a encargada de contratación.

Aberta a primeira quenda de intervención, a portavoz do BNG, sra. Castelao, di que na documentación que se mandou non ían os datos das horas a ampliar e todo iso, entón fáltanlle datos para valorar a proposta.

O sr. Igrexas di que o informe técnico vai anexo ao proceso, así mesmo di que hai un informe del no que indica que é necesario contratar porque basicamente non hai persoal e logo está tamén o informe da técnica de servizos sociais.

A sra. Castelao insiste en que elas non recibiron esa documentación.

Co permiso do sr. alcalde, interveño eu, secretaria da Corporación, para aclarar que, como se fai sempre, xunto coa convocatoria se remiten as propostas dos asuntos a tratar e se se considera que a documentación remitida é insuficiente as/os concelleiras/os póñense en contacto coa Secretaría municipal e solicitan o que consideren oportuno. Saliento que, de acordo co exposto e como sempre, a documentación estivo a disposición de todos os membros da Corporación dende a convocatoria do Pleno.

O sr. alcalde, dirixíndose á sra. Diéguez, acláralle que a Comisión Informativa actúa como Comisión Informativa da xunta de goberno e que a documentación que solicita a sra. Diéguez aínda non existe xa que o que obra no expediente é o informe previo.

Co permiso da Alcaldía interveño eu, secretaria da Corporación, para reiterar que o expediente estivo a disposición de todos os membros da Corporación dende a convocatoria do Pleno e para aclarar que a proposta refírese ao inicio do expediente, polo que a incorporación ao mesmo do Prego de cláusulas e do de prescricións técnicas, prodúcese nun momento posterior, para a súa aprobación, non obrando neste intre no expediente. Explícase que, unha vez incorporada esa documentación e antes de aprobar o expediente e cando, como sinala o sr. alcalde, se ten que convocar a Comisión Informativa.

A sra. Castelao sinala que entón foi un erro do seu grupo non ter solicitando esa documentación. Explica que o que acontece é que se enteraron de que vai haber unha folga dos empregados polos incumprimentos salariais do seu convenio e como tiñan os datos do 2019, que marcaban unhas horas con 600.000 €, e agora é 1.200.000 €, e non teñen os datos das horas, por ese motivo entenden que as persoas que prestan ese servizo teñen que facelo nunhas condicións dignas. Sinala a sra. Castelao que loxicamente non van a votar en contra, porque ademais non debe o Concello quedar sen ese servizo, porén se van a abster.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo á proposta. Sinala que hai unha cousa que lle gustou ver, e é que se inclúe a posibilidade do incremento do prezo a aboar por quilometraxe, dentro do informe técnico, así que lle parece que hai que recoñecer que cando hai unha reivindicación laboral e se recolle, está ben recollida e hai que recoñecelo. Anuncia a sra. Lemus o apoio ao seu grupo á proposta.

Intervén o portavoz do PP D. José M. Guerra Calvelo, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez anuncia a abstención do seu grupo ao considerar que é un tema de moita importancia e que si que hai que cubrir e darlle solución. Di que evidentemente deberían de ter consultado máis datos para concretar e confirmar e por ese motivo van absterse, para que, da mellor forma, se poida solucionar ou xestionar para cubrir esas horas.

O sr. Igrexas sinala que o que se recolle dentro do estudo económico é a 0,22, se ben é certo que ese 0,22 se concreta nunha negociación entre empresa e traballadores, o Concello o que abre é a posibilidade de que iso pase, pero non poden facer nada máis que iso.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con sete votos a favor (4 Son de Teo e 3 PSdeG-PSOE) e nove abstencións (7 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Considerar necesario, en calidade de órgano de contratación e aos efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, que se tramite a contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Teo nas modalidades de libre concorrência e dependencia, asumindo a xustificación reflectida nos informes do concelleiro delegado de Benestar, Deportes, participación Veciñal, Servizos Básicos e Persoal, de data 05 de maio de 2022 e da Coordinadora de Servizos Sociais de data 06 de outubro de 2022.

Segundo.- Iniciar, mediante tramitación anticipada de acordo co apartado 2 da Disposición Adicional terceira da Lei 9/2017 de 8 de novembro, o procedemento

de adjudicación do contrato para a prestación do **SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE TEO** nas modalidades de libre concorrencia e dependencia, por prazo de tres anos con posibilidade dunha prórroga de un ano, por procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria, asignándolle o núm. de expediente **S-4/2022**, e cuxo orzamento desagregado é o seguinte:

1 ano: 1.223.271,36 €+ 52.520,76 € de IVE = 1.275.792,12 €

3 anos:3.669.814,08 € +157.562,28 € de IVE= 3.827.376,36 €

Prórroga: 1.223.271,36 € +52.520,76 de IVE= € 1.275.792,12 €

4 anos: 4.893.085,44 € +210.083,04 € de IVE = 5.103.168,48 €

Terceiro.- Someter a adjudicación, de acordo co apartado 2 da Disposición Adicional terceira da Lei 9/2017 de 8 de novembro, á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente que se iniciará no 2023.

Cuarto.- Incorporar ao expediente, de conformidade co artigo 116 e ca Disposición Adicional Terceira da LCSP 9/2017:

- Prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas.**
- Informe de Secretaría.**
- Informe de fiscalización de Intervención.**

Quinto.- Delegar na Alcaldía, ao abeiro do previsto no artigo 61 da Lei 9/2017, a competencia en materia de contratación do presente expediente.

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ACORDO PREVIO SOBRE A XESTIÓN DIRECTA DO SERVIZO DE RECOLLIDA RSU E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE TEO.

O sr. alcalde da conta da proposta de 17 de outubro de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 20 de outubro de 2022.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Acordo previo sobre a xestión directa do servizo de RECOLLIDA DOS R.S.U. E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE TEO

Considerando que o contrato do SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E A LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO rematou a súa vixencia, incluídas as prórrogas previstas, atopándose actualmente en precario dende o 1 de agosto de 2022.

Considerando as limitacións que a *Ley 9/2017*, de 8 de novembro, Lei de Contratos do sector Público, establece na duración e prórrogas dos contratos, incluso en casos excepcionais por razóns de interese público.

Considerando o Estudo previo de Avaliación de custos e sistema de xestión do Servizo de xestión dos RSU e limpeza viaria do concello de Teo, remitido aos portavoces das distintas forzas políticas que compoñen a Corporación municipal a finais de xullo do presente ano.

Considerando as opinións expresadas con respecto ás medidas de mellora que o mencionado Servizo debe recoller con respecto ao anterior contrato, compartidas polos distintos grupos en moitos aspectos.

Considerando os prezos de mercado nas licitacións realizadas noutros concellos para servizos de similares características, e valorando as experiencias da xestión directa noutros servizos municipais como o abastecemento de auga e saneamento, as escolas infantís ou o servizo de limpeza de edificios públicos.

De acordo co arriba exposto, propono ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Manifestar a vontade do concello de asumir a xestión directa do servizo de Recollida dos R.S.U. unha vez formalizado o procedemento necesario, tomando como base o Estudo previo de *Avaliación de custos e sistema de xestión do Servizo de xestión dos RSU e limpeza viaria do concello de Teo*, e iniciando o proceso administrativo con ese obxectivo.

Segundo.- Declarar a vontade de que o concello asuma a subrogación das persoas traballadoras salvagardando os dereitos recollidos no seu convenio e como medio de dar continuidade e estabilidade ao servizo.

En Teo, a 17 de outubro de 2022”

O sr. alcalde di que a proposta é un acordo previo, e que a primeira cuestión que compre aclarar é por que vén ese acordo previo. Lembra que os procesos de xestión directa teñen un proceso que, aínda que é curto en comparación con outros, require unha serie de actuacións, entre outras cousas require informes previos das habilitadas nacionais, e a forma de presentalo así, como aconteceu no seu momento coas escolas infantís municipais, é un mecanismo de prudencia e de aforro de tempo, pois son conscientes de que como goberno non teñen os votos suficientes para que isto saia adiante e queren economizar esforzos no sentido de que se non se aproba non ten sentido pedirlle nin á Secretaría nin a Intervención que redacten os informes pertinentes.

Salienta o sr. alcalde que é unha decisión moi importante a que se debe de tomar neste día, que ten unha transcendencia moi relevante e que por outra parte resulta inaprazable administrativamente, o que non quere dicir que sexa urxente, que non pasa nada porque pasen dous ou ata cinco ou seis meses, pois estase en precario, pero incluso a lei de contratos dos servizos públicos pon uns límites de ata nove meses en situacións excepcionais, sendo isto tema o que pretenden salvagardar. Pódese chegar ata maio pero non ata maio do ano seguinte sen contar con este servizo.

Explica que hai que tomar polo tanto esa decisión de optar entre un mecanismo de xestión directa ou ir por unha licitación pública de un contrato de servizos.

Con ese fin, de axudar a tomar a decisión, elaborouse o estudo previo que se distribuíu no mes de xullo a todos os portavoces, con dúas virtualidades, por unha banda definir as características do servizo e por outra facilitar unha decisión sobre ese modelo de xestión.

Explica que, dentro do que son as características do servizo que se propón, vai a resaltar as máis importantes, sobre todo dende un punto de vista tamén económico, como é a incorporación do contedor orgánico, do cal hai unha obriga por lei, e a renovación de todos os contedores. Óptase nesta proposta por un modelo de contedores semisoterrados na zona urbana, que podería ser ampliable progresivamente á zona rural, e pola substitución de todos os colectores da zona rural que se atopan nunha situación bastante deteriorada despois de bastantes anos de servizo.

Sinala que doutra banda as características do servizo que se recollen na memoria incorpora a recollida selectiva dos residuos orgánicos, a recollida selectiva da fracción resto, a recollida de envases lixeiros, a recollida da fracción vidro e a recollida de voluminosos e residuos vexetais. Todo iso no que respecta á RSU, co seu traslado correspondente a SOGAMA ou ós xestores correspondentes. Sinala que o traslado a SOGAMA, aínda que non é a opción que prefiren, si que é a posible nestes momentos, porque as alternativas na práctica son nulas, salvo que se iniciase un plan de tratamento de residuos propios no Concello, que nesta vía sempre se podería optar con ela pero dende logo debería de ser un acordo municipal se non unánime case unánime, porque as dificultades que carrega unha actuación dese tipo, tanto económicas como de buscar unha localización e demais, son moi importantes.

Sinala o sr. alcalde que, polo que respecta á limpeza viaria, se acordara nalgunha reunións previas que se fixeran da Xunta de Portavoces a necesidade de, fose como fose o mecanismo de xestión, ampliar en tres as persoas da plantilla, de forma que unha delas fora para reforzar a limpeza viaria na zona urbana e as outras dúas constituíran unha cuadrilla autónoma dedicada exclusivamente ás zonas rurais.

Na memoria fálase das zonas urbanas coa frecuencia que se propón. Explica o sr. alcalde que todo isto é unha proposta e están abertos a calquera tipo de suxestión e a definir as características, igual que o estiveron dende que se presentou aos distintos grupos. Sinala que se fala do varrido mecánico, de mantemento, limpeza e baleirado de papeleiras, limpeza de marquesiñas, limpeza e retirada de excrementos animais, da limpeza da vía pública, da limpeza das áreas naturais e recreativas, a limpeza en época de festas e a roza e limpeza en sendas peonís, que é unha das últimas cousas que se incorporaron porque se considerou que é unha das novas necesidades que resultan apremiantes.

Explica o sr. alcalde que, canto aos medios que se propoñen no estudo, están por unha parte os medios persoais, que quedarían formados por un encargado do servizo, catro persoas condutoras, dous camións, capataz de RSU, peón de recollida RSU, dous oficiais de limpeza viaria e cinco peóns de limpeza viaria, co cal o incremento sobre a plantilla actual sería nesas tres persoas das que se falaba antes.

En canto aos medios materiais sería un camiión de recollida de RSU de carga lateral do

ano 2010 e un de recollida de carga traseira do ano 2010. Son elementos contractuais que ao fin da concesión pasarían á disposición do Concello, e polos datos que hai contrastados coa xente do servizo os camións están nun período que lles quedaría tres ou catro anos de vida, co cal da a posibilidade de facer un progresivo traslado, pero que tampouco hai que obviar que son camións vellos e por iso na proposta se recolle un camiión de recollida de RSU de carga superior de 23 m³ novos, un de recollida de RSU de carga traseira de 23 m³ novo, un de recollida de voluminosos novo, un lavacontedores novo, un de brigada mixto con hidrolimpadora novo, o dirixido á limpeza no medio rural, un vehículo de baldeo novo e unha furgoneta de cinco prazas para os traslados.

Refírese o sr. alcalde aos custes do servizo e explica que se parte de que hai uns custos básicos dende as sopradoras, carros de limpeza, rotulación, material accesorio, material de oficina, creación de páxina web, etc., que se estiman en 37.000 €, e o custo importante da concesión que sería o establecemento dos contedores semisoterrados e a renovación dos contedores de carga traseira, é dicir os de medio rural, que teñen un custe estimado de 1.725.000 €, ademais dos 150.000 € dos composteiros das vivendas unifamiliares.

Explica o sr. alcalde que na memoria se fala da importancia da recollida do servizo e da implantación da recollida da fracción orgánica, que require fundamentalmente unha progresiva implantación, porque require un proceso de concienciación que ten que ser de acompañamento, que non se pode limitar a facer unha campaña puntual para ese tipo de situacións senón que ten que ser de acompañamento ao longo dun período dun ano ou dous, con contacto e reunións nos sitios nos que se vaia implantando progresivamente. Sinala que se falaba de iniciar este proceso tras campañas de concienciación e seguimento nas zonas de Augas Mansas, Campos de Mirabel, Os Verxeis, Parque Montouto, San Sadurniño e os Tilos, que podería ser ampliable en función das opinións do resto dos grupos, tamén da compostaxe individual, co reparto de contedores ás persoas comprometidas coa campaña nas vivendas unifamiliares, e na recollida en orixe en supermercados, cociñas de colexios, residencias, ou grandes produtores de orgánicos.

Polo que respecta á situación económica, aos custos, sinala o sr. alcalde que,

tratándose dos gastos ordinarios falábase antes dos gastos de implantación porén hai unha serie de gastos ordinarios de carácter anual que se elevan a un total de 1.104.647 €. Sinala que aí unha parte moi importante deses custes son os de financiamento para a posta en marcha do servizo, que loxicamente sería un crédito para facer fronte á substitución dos contedores fundamentalmente, que é a parte importante, porque os camións de recollida e demais establécense mediante un mecanismo de renting.

Lembra o sr. alcalde que se falaba de que na situación actual que vai máis alá do sistema de xestión que se decida adoptar polo Pleno, os importes que se estaban pagando á concesionaria están en torno aos 620.000 € ou 630.000 € ao ano, que é o gasto de licitación do ano 2010 actualizado nos seus respectivos anos, e pasaría nesta situación a 1.100.00 €/ano, cos gastos contemplados anualmente, como se dixo antes, custos de financiamento, persoal, mantemento, enerxético, publicidade, seguros, etc...

Lembra o sr. alcalde que a análise de mercado que se fixo fai que os prezos de licitación que se están sacando en concellos de similares características estean en 1.100.00m €/ano sen substitución de contedores e 1.300.00 €/ano coa substitución dos contedores clásicos, sen ir a opcións como poderían ser a modular, que se formula na proposta que se presenta.

En canto aos ingresos hai que considerar, e reivindicar, que o Concello leva coas tarifas conxeladas dende o ano 2010 e a intención é manter esa conxelación, se ben o único que se considera que se debe de facer é equiparar entre a recollida no medio rural e a recollida no medio urbano. Sinala que resulta absurdo e incluso discriminatorio que dúas casas separadas por unha vía pública que botan os residuos no mesmo contedor teñan prezos distintos porque unha está en solo urbano e a outra en solo núcleo ou en rústico. Iso é algo que debe de desaparecer e ademais a posible diferenciación que ata agora existía que é da recollida diaria ou non diaria co novo sistema de modular de contedores desaparece porque non requiren a recollida diaria senón en días alternos.

Considera o sr. alcalde que, así mesmo, non se pode obviar que ao igual que se falou noutras ocasións do servizo da auga ou doutros servizos básicos, son servizos claramente deficitarios, ao igual que as escolas infantís, con independencia de cal sexa o modelo de xestión.

Sinala o sr. alcalde que a proposta do seu grupo, que é a que se achega para que se valore, é que son ferventes partidarios de asumir unha xestión directa porque consideran que ten moitas vantaxes, e para non falar nun plano teórico, que está ben falalo pero que non deixa de ser un plano teórico, o quere falar dende o punto de vista da experiencia. Indica que teñen experiencia en procesos de municipalización ou de xestión directa que pensan que son modelo de servizo, incluso coas deficiencias en momentos determinados se poidan producir en canto á capacidade de xestión que ten o Concello para poder reconducir esas situacións. Di o sr. alcalde que fala ao servizo de abastecemento e saneamento, ao servizo de limpeza dos edificios municipais, tamén ás escolas infantís municipais, o servizo de mantemento eléctrico, que considera que son experiencias moi positivas, tanto a nivel da calidade do servizo como a nivel dos custes dos mesmos, ou a nivel da situación dos traballadores. Sinala que acaba de falar a sra. Castelao do anuncio de folga das traballadoras do SAF, dunha empresa privada, concesionaria do SAF, porque obviamente as empresas privadas actúan cos traballadores do xeito que lles permita que as empresas sexan máis rendibles e niso o Concello ten outra capacidade de xestión, pois non hai tanto tempo aprobouse un acordo transitorio para o persoal subrogado que, pensa, é un exemplo de pacificación e bo clima social e de respecto dos dereitos dos traballadores, e ademais o que é máis importante, para calquera que teña que asumir a alcaldía despois do 25 de maio do ano que vén, dende logo un dos aspectos máis positivos destes servizos con xestión directa é a capacidade de decisión e de toma de control e de ser capaz de decidir en cada momento de distribuír servizos, corraxir deficiencias, etc... dunha forma directa.

Explica o sr. alcalde que, polo anteriormente dito e que xa comentara, esta xestión directa posibilitaría modular o grao de implantación no sentido de que tendo camións, que aínda que sexan vellos están en funcionamento, poderíase ir a unha aplicación gradual en función das necesidades, e non faría falla realizar un investimento dun día para o outro. Salia o sr. alcalde que por todo o exposto é polo que presentan a proposta de xestión directa.

Pide o sr. alcalde que se posibilite o inicio deste proceso, engadindo que o seu compromiso é a creación dunha comisión político-técnica conxunta que permita todos os cambios que se consideren oportunos tanto nas características do servizo como en calquera outra cousa. Incide en que a comisión estaría formada por técnicos e por

aquelas forzas políticas que posibiliten que isto saia adiante, incluso coa súa abstención, e ademais cunha capacidade que quere manter de que, ao ser un inicio de proceso e facelo en base á memoria que se presenta, no caso de que se vexa por algunha das forzas políticas unha disparidade grande, que non se axusta ás previsións mantidas, que teña o dereito de veto e volver ó Pleno para retomar a decisión. Pensa que é unha proposta xenerosa e que permite facer unha reflexión fonda. Sinala que se iso vai aí a súa previsión é, no prazo de dous ou tres meses, fixar a asunción directa, e permitiría facer unha renovación gradual da flota e definir perfectamente cales serían as características deste servizo.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, sinala que son conscientes da necesidade de mellorar, e entenden que este plan contempla melloras como a diminución de número de veces que hai que recoller os residuos, por seren os contedores máis grandes e modernos, e reposición dos vellos, aumentando servizos de limpeza e por fin a inclusión da compostaxe e campaña de concienciación.

Di que, en todo caso, teñen moitas dúbidas, consideran que esas medidas son escasas e sobre todo chegan un pouco tarde, aínda que nas conclusións se fale, e cita textualmente, de *“.....incrementar o nivel de reciclaxe é unha obriga que como administración responsable nos impomos....”*. Di a sra. Castelao que ten que lembrar que é unha obriga da normativa europea do ano 2018 que establece novos obxectivos no reciclado de residuos municipais, tendo que reciclarse en 2025 un mínimo do 55% dos mesmos, en peso, e quedan pouco máis de dous anos, despois o 60% no 2030, o 62% no 2035, etc.

A sra. Castelao sinala que vai citar algunha das dúbidas que lle suscita o estudo e así o fai nos termos seguintes:

.- Por un lado o mantemento e limpeza de contedores parece insuficiente por ese modelo, con recollida alterna e a capacidades tan elevada no caso do orgánico e resto, pero non se di nada dos lixiviados.

.- A limpeza de calzadas e paseos, con auga a presión, non se fará, na medida do posible, con auga da rede, pero non indica con cal se vai facer.

.- No propio estudo, na páxina 4, textualmente di *“...de entrada a alternativa de xestión*

directa enténdese asumida pola propia administración local, sen organismos autónomos, incluída a xestión de cobros, e previndo a externalización de servizos que requiran de venta continua de materiais pola complexidade administrativa dos procesos a realizar coas debidas garantías de libre concorrència. Consecuentemente exclúense deste estudo a xestión do punto limpo, a recollida de papel e cartón, aceite, pilas e outros elementos valorizables, que deberán ser obxecto dunha licitación diferenciada para a súa xestión privada". Sinala que ao seu grupo non lles queda nada claro que co servizo externalizado pague 1.100.000 € anualmente, deixando fóra estes servizos, e que logo prestando o servizo de maneira directa e sumando eses servizos que o gasto sexa o mesmo, e polo tanto habería un aforro aí, ou iso é o que supoñen.

.- Doutra banda, na páxina 6 parece que a nova dotación de contedores que aparece nesta páxina non é a que se explica nas páxinas seguintes, polo que da a entender que na zona urbana se mantén un sistema dobre coas novas sillas e contedores de carga traseira.

.- Na páxina 18, no punto de evolución histórica dos custos de servizo, recóllese que *"para que a xestión directa polo concello sexa o custo de xestión de servizo debería ser inferior a 1.100.00 € ó ano sempre que se mantiveran as mesmas frecuencias de recollida, o mesmo persoal, as mesmas zonas de limpeza viaria, aspectos que se modifican substancialmente nesta proposta"*. Semella algo contradictorio, e ademais non se avalían os resultados da xestión nin se relacionan os custos.

.- Fálase tamén das penalizacións de SOGAMA pero non se cuantifican e non se desagregan custos de eliminación de residuos e ingresos por reciclaxe.

.- Na análise dos custos iniciais para a posta en marcha do servizo, na páxina 26, en canto aos composteiros nas vivendas familiares, recóllese que *"...non se realizará no primeiro ano da xestión por necesidade de ter completado campañas de información, convencemento, compromiso e acompañamento para a compostaxe individual nas vivendas unifamiliares do rural. Considérase que este é un custo puntual de investimento polo que se inclúe nos custos iniciais"*. Con respecto a isto dálle que pensar que o enfoque é errado, xa que as campañas deben ir parellas ó inicio da compostaxe individual, comezando coa instalación co compostoiro.

.- Polo que se refire aos custos de persoal atopan que se incrementan en dúas persoas adicadas a limpeza viaria, pero non están estimados os salarios para educación ambiental e compostaxe doméstica e comunitaria.

.- No apartado custos de publicidade e dinamización social parécelles completamente insuficientes, con respecto ao que pon na páxina 30, 15.000 € ó ano en campañas de publicidade, e 30.000 € ó ano na contratación de dinamización social que deberá desenvolverse de forma continuada ó longo do ano polo menos nos primeiros exercicios.

.- Tratándose dos camións e o resto, o concello asume o renting, xa que fai unha prestación directa do servizo, habería que preguntarse por que o estudo non avalía a posibilidade da súa externalización, sendo a empresa concesionaria quen se encarga de subministrar a propia flota de camións. Di que non se trata de estar a favor dun modelo de prestación ou outro, senón de que as contas estean claras para poder tomar mellor unha decisión para a veciñanza, o mellor servizo ao menor custo e sempre garantindo a calidade co posto de traballo.

Sinala a sra. Castelao que, valorando todo o exposto e tendo claro que non van a ser elas quen estean en contra da municipalización, vanse a abster por responsabilidade, xa que entenden que hai partes que suporán unha mellora para o Concello e a veciñanza. Sinala que tentan chegar á carreira de compostaxe, polo tanto non van ser elas quen vaian poñer paus nas rodas, pero non poden apoiar tampouco unha medida que adoce un pouco de escurantismo e improvisación e que impide tomar a mellor decisión seguindo criterios de eficacia, eficiencia e economía.

Considera a sra. Castelao que cando ía rematar o contrato era cando se tiña que ter comezado a traballar na nova forma de xestión ou licitación, non esgotar as prórrogas e agora facelo en precario e obrigando a tomar unha decisión a contrareloxo.

Á sra. Castelao parécelle un pouco irresponsable por parte do equipo de goberno traer este tema así, sen información e en precario, e pode haber consecuencias negativas na veciñanza, como sobrecustes, ou que se deixe de prestar o servizo ou que se preste de xeito ineficiente.

O sr. alcalde di que, se todos están de acordo e para evitar un desbaraxuste, vai a

facer unha contestación a cada grupo, por separado, e logo unha vez contestado a todos os grupos faise o segundo turno, para non perder o fío do tema.

Sinala o sr. alcalde que, con respecto ás medidas de reciclaxe, está totalmente de acordo, que é unha cuestión na que hai que facer necesariamente un esforzo moi importante nos próximos tempos, aínda que tamén é certo que, dentro dos niveis de reciclaxe, Teo non está mal situado, segundo os últimos balances, pero é verdade que para alcanzar eses niveis que se esixen vai haber que facer un esforzo moi importante.

En canto á limpeza de contedores sinala que é importante que se definan entre todos as características do servizo porque na mellora destas características todos van a estar de acordo, outra cousa é que mellorar esas características significa que hai que pagalos e que entón hai que xogar nese equilibrio de ver que se pode ofertar e canto se quere pagar. Considera que por iso di que nesa comisión pódense definir perfectamente pois iso, canto debe de ser a limpeza dos contedores. Tal como vai a memoria faise un investimento de ter en exclusiva un camión limpacontedores e fíxanse unha serie de frecuencias. É certo que iso utiliza capital humano, pero tamén é certo que é algo que, sendo do Concello, está a disposición, porque neste momento o que aporta GESECO, que foi a anterior concesionaria, é un camión compartido con outros concellos e unha limpeza trimestral de todos os contedores. Con isto mellórase significativamente, e pódese mellorar aínda máis pero é certo que sexa cal sexa o sistema de xestión hai que pagalo.

O sr. alcalde sinala que se fala dunha substitución progresiva, é dicir, os contedores subterráneos requiren obra, polo cal non se vai poder dicir por exemplo “mañá están colocados todos”, significa por exemplo que se vai poder manter en uso o camión de recollida lateral mentres no prazo de 1 ou 2 anos se vai facendo a substitución dos contedores da zona urbana.

Con respecto ao que comenta a sra. Castelao de que con 1.100.000 € non se manteñen as condicións, sinala o sr. alcalde que cando se fala de que un servizo eficaz mantendo as condicións estaría nesa contía, hai que ver, por exemplo, na páxina 18, os custes do servizo e do pago a SOGAMA, de todo incluído, e os custes de recadación, en torno a 1.100.000 €. Se se formula facer un servizo tal como vén desenvolvendo agora GESECO habería que tomar eses datos como referencia, porén se se poñen tres

persoas máis, se renovan os contedores e demais, iso non se pode tomar como referencia, é dicir, o gasto dos últimos anos só permite tomar unha referencia en igualdade de condicións, que son as que non se dan.

De calquera xeito os estudos plurianuais, que hai na páxina 33, tanto en ingresos como en custes, van facendo a evolución dos gastos de persoal ao longo deses dez anos que se mantén, tamén a evolución do custo enerxético, do financiamento, etc, polo que aí hai un estudo de evolución.

Con respecto ós custo de SOGAMA explica o sr. alcalde que se fala deles no que custou, na páxina 18, enviar o lixo a SOGAMA todos eses anos e na páxina 33 da evolución dos previsibles custos de SOGAMA coas reducións que se plantexan. Por exemplo plantéxase un 5% de redución anual do peso de fracción resto para incrementos da fracción orgánica durante os tres primeiros anos.

Indica que hai algunha noticia que atopou estes días, do Concello de Pontevedra, na que se fala de que tiveron un dato récord, que provocou un descenso de máis dun 5% da cantidade de lixo enviada a SOGAMA. Polo que se está falando desas cifras, ás que se propoñen chegar.

Con respecto aos 150.000 € para os composteiros individuais e as campañas sinala que no primeiro ano non se van poñer todos, pois as campañas poderanse iniciar en cinco ou dez lugares, e seguramente a eses lugares si que haberá que darlles os composteiros e aos que van a ser dentro de tres meses non ten sentido darlle eses composteiros.

Salienta o sr. alcalde que á hora de falar de se unha cousa é moito ou é pouco todo depende, por exemplo, fálase de publicidade e dinamización social, que serían os 40.000 €, e iso significa, por exemplo, ter a unha persoa dedicada se non toda a semana case toda a semana, máis as campañas publicitarias. Sinala que igual non é necesario que ese traballador, que loxicamente será externo porque ten que ser unha campaña feita por profesionais, como se están a facer noutros concello, estea todo o ano no mesmo concello, co cal seguramente pode estar dous días en Teo, porque tampouco o ten que facer diariamente, entón estaríase falando en soldos duns 20.000 € e de outros 20.000 € en todo tipo de campañas que se consideren. Salienta o sr.

alcalde que, de calquera xeito, todas esas cifras son unha decisión política que se podería tratar sen problema.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o voto en contra do seu grupo.

Explica que farán iso en coherencia co dito nos últimos meses, que xa hai meses que pediron a comparecencia, en maio, na que pedían que deixara o tema á seguinte corporación, e mais agora, aínda, pois iso pedírono en maio e xa estamos en outubro.

Sinala a sra. Lemus que hoxe lle chamou a atención este momento regateo do sr. alcalde no que ofrece o *pack* de municipalización, comisión mixta políticos técnicos, etc., na que ademais un partido político pode ter decisión de veto, levalo outra vez a Pleno, e volver a votar, e pensa que o sr. alcalde está intentando vender unha cousa que ten que ser consciente de que non vai xestionar, pois xa dixo que non se ía presentar ás seguintes eleccións, aínda que ó mellor cambia de opinión, pero en principio xestionarao outra persoa e con unha corporación que nin sequera se sabe quen vai a estar na mesma.

Di a sra. Lemus que lle parece un pouco “mesiánico” por parte do sr. alcalde pretender que con este traballo de 40 folios, que pensa que a sra. Castelao xa lle deixou ben claro algunhas ou bastantes déficits que ten de argumentario, que se tome a decisión sobre unha xestión directa dun servizo cuxo contrato neste caso é o que máis custo ten para o concello, e é o máis deficitario.

Di que non está en contra da municipalización, pero si que é certo que esa municipalización necesita outros tempos, ou polo menos a do lixo. Resúltalle imposible ver unha comisión mixta a sete meses das eleccións, pois están todos xa en campaña e de repente van facer todas unhas florituras bárbaras para facer un veto ou a saber o que.

A sra. Lemus salienta que o sr. alcalde dicía nun principio e el entendía que era unha decisión de gran transcendencia e inaprazable administrativamente, engadindo que non é discutible que poda ser, porque o sr. alcalde a tivo aprazada durante máis de 2 anos e medio, e estase en precario dende agosto, pero xa van alá 2 prórrogas de 2 anos.

Explica a sra. Lemus que cando fixeron a primeira prórroga había un goberno de oito e agora é de catro, co cal non tiñan daquela a maioría absoluta pero si unha bastante forte para poder levar a cabo este tema. Pregúntase a sra. Lemus porque non se levou a cabo no bipartito e sinala que había unha diferenza clara nun tema que se tiña discutido, que é o das taxas. Estase falando dun cálculo inicial de taxas, do ano 2011, que lembra que se aprobou soamente naquel momento o BNG, antes da escisión, foi un dos primeiros plenos nos que ela estivo como concelleira, acordándose a suba de taxas de 47 euros no rural e 68 euros no urbano, baseándose na diferenza de que no rural se recollía en días alternos ou con menor frecuencia e no urbano se recollía a diario.

De repente se pasa a que o rural vai pasar ao nivel do urbano, entendendo que para o sr. alcalde non significa unha subida de taxas, cando si o é para un determinado número de xente importante no Concello e ademais implica, segundo a memoria, que cada ano se vai subir o IPC. Un IPC que calcula o sr. alcalde, supón que sería porque en xuño non tería en conta a inflación, no 2%, e o de este ano xa estamos no 9%, co cal se temos que subir o IPC cada ano para ter en conta os gastos que se teñan a maiores, por exemplo podería acontecer que aparte da subida a 68 € habería unha de máis para todos, polo IPC, neste caso de case un 9%, que é unha suba considerable se se vai sumando ano tras ano.

Sinala a sra. Lemus que doutra banda esperaba desta proposta da Alcaldía algo máis da súa defensa, algunha referencia máis a algunha experiencia non tanto nas municipalizacións que se fixeron, que as houbo de todo os estilos, e aínda que o sr. alcalde considera que todas foron un éxito, na súa opinión algunhas son francamente mellorables, engadindo que tamén ten a súa responsabilidade nas mesmas. Salia que neste caso que se trata non é da experiencia das antigas senón da experiencia dos pros e contras dunha xestión directa, indirecta, dun servizo tan importante coma o do lixo e onde hai varios problemas, principalmente reposición de baixas de persoal e de maquinaria. As de persoal sabe que o sr. alcalde lle vai dicir que se fai cunha bolsa, porén con respecto á maquinaria non ten claro que conseguir un camiión do lixo vaia ser posible en dous ou tres días.

Sinala que tendo en conta ademais un concepto que introduciu o sr. alcalde que é a

recollida en días alternos no urbano, podería acontecer que o día que toca a recollida de lixo haxa un camión avariado e que o lixo non se recollera en varios días, cos problemas que iso implica.

Considera a sra. Lemus que o servizo actualmente en Teo é mellorable e que iso non se discute e hai consenso, pero si que é certo que se pode mellorar de moitas formas e non facelo ás carreiras e no último momento e con este momento de improvisación no mes de outubro.

Di a sra. Lemus que hai un aspecto do que lle chama a atención, que non se dixo no argumentario inicial, que é o famoso préstamo de custos iniciais. Sinala que estivo escoitando a ver se comentaba algo do préstamo e non comentou nada de que para por en marcha este servizo vai vinculado a un préstamo de 1.912.000 euros, onde se calcula un interese máis ou menos dun 3%. Sinala que descoñece como está actualmente o interese, pero ese é o que o sr. alcalde considera que lle vai dar o banco, pero non sabe se agora mesmo llo darán, e con intereses sería 2.449.560 € a pagar en 10 anos, é dicir, 245.000 € cada ano. Polo tanto, todo o modelo do sr. alcalde baséase en suplir a parte importantísima da licitación, que sería que o empresario aportase maquinaria e subministro de material, polo material pagado por todos os veciños a través dun préstamo de 1.912.000 € a 10 anos. Descoñece a sra. Lemus se é o momento de tomar esta decisión nin sequera en comisión, se é necesario, chegados este momento, vir ao concello e dicirlle á seguinte Corporación na que pode ser que non ninguén dos presentes, ou poucos, que vai ter un préstamo de 1.912.000 € porque incluso o próximo alcalde ou alcaldesa pode entender que o modelo tiña que ser outro.

Sinala a sra. Lemus que é verdade en todo caso modelos de municipalización e xestión directa hai moitos e non só é unha cuestión de dereitas e esquerdas, pois está o modelo de Arteixo, que está municipalizando un montón de servizos a través dunha empresa pública, que pensa que é un modelo que se debería de estudar. Porque si que é certo que laboralmente habería unhas condicións diferentes, pois é certo que no persoal subrogado neste caso hai un acordo pero a ela, que é funcionaria, gústalle moito que a xente entre por mérito e capacidade nun concello, e en calquera Administración Pública.

Di a sra. Lemus que entende que o sr. alcalde quería facer isto hai moito tempo, entende que cando eran bipartito non se deron as circunstancias, entende que hai un ano que non son bipartito e puido levar o tema hai moito tempo, entende que dende xaneiro lévase discutindo isto en Xunta de Portavoces, o cálculo de taxas en comparación con outros concellos, Ames, Narón, Porriño e Lugo, que menos no caso de Narón son todos gobernados polo PSOE. Sinala que lle chamou a atención, porque aínda que gobernan en moitos concellos, pensa que pode haber algún outro concello que sacara licitacións que non sexa da súa cor, e en todos lles saen as contas. Sinala que comenta o sr. alcalde tamén que a través duns cálculos moi difíciles e complicados de entender, que ela nunca viu diante e non existen na proposta, polo que supón que son os do sr. alcalde, entende que a memoria é asinada polo sr. alcalde, que non é ningún técnico, e sempre di que cada persoa debe dedicarse ao que sabe facer, e pensa que facer memorias de municipalización non é traballo de ningún alcalde, pero en todo caso o sr. alcalde decidiu facer isto, non fixo tanteo de mercado, non fixo ningún tipo doutras propostas, non está contando en ningún momento cales son os pros e os contras dunha xestión directa e dunha xestión indirecta. Remata a sra. Lemus a súa intervención sinalando que lle chama a atención que ás veces a cabeza é así de mala, que o sr. alcalde acaba de dicir que ten a Pontevedra como modelo a seguir e Pontevedra ten un contrato de xestión indirecta.

O sr. alcalde sinala que, en relación o tema de aprazar a decisión, di que se queren disolver a Corporación, pois faltan oito meses e non sabe que ten de diferente agora que faltan oito meses, que aos oito meses de iniciar, xa que para el é exactamente igual. Ademais a propia lexislación establece uns períodos con respecto á toma de decisións, que non teñen nada que ver co momento actual.

Sinala o sr. alcalde que xa sabe que a sra. Lemus parece que ten moita impaciencia por non se sabe o que, pero o resto non se sente arrastrado por esa percepción psicolóxica súa, entón van seguir os prazos exercendo a labor para a que foron escollidos.

Explica o sr. alcalde que cando se fala dun aprazamento quere dicir que non é unha cuestión urxente porque non pasa nada porque se dilate dous ou tres meses pero calquera alternativa que pase por que se reinicie o proceso tras unha nova Corporación

sitúa a calquera das solucións a principios do ano 2024, sendo moi xenerosos, porque dubida que ninguén antes de setembro poida tomar calquera decisión como a que hoxe se está tomando. Se se toma antes de final de ano sería unha situación dende logo moi eficaz, e as limitacións administrativas son as que son.

Explica o sr. alcalde que a alternativa é deixarlle á próxima Corporación un servizo concesionado, polo que é igual de hipoteca, porque se lle vai dicir que teñen que pagarlle á concesionaria 1.300.000 € ó ano, polo tanto é tanta hipoteca como a xestión do servizo directo, só que con esta vai ter moita máis capacidade de decisión quen estea aquí para decidir onde se fai a limpeza e como se fai, porque vai actuar sobre os propios traballadores.

Considera o sr. alcalde que a idea esa de que todos están en campaña tamén responde bastante a unha percepción persoal da sra. Lemus, que ten todo o dereito do mundo a tela.

Con respecto ás taxas o sr. alcalde di que non é unha discrepancia fundamental, ó mellor no caso da sra Lemus si, pero no caso del non o é, pois o feito de manter as taxas, de telas conxeladas durante máis de 10 anos, é unha práctica que debe de ser boa. E se se miran aos outros concellos, ós da comarca, en Ames goberna o PSOE e ten equiparadas as tarifas, en Brión goberna o PSOE e ten equiparadas as tarifas, ao igual que acontece en Santiago de Compostela, exactamente o mesmo, e en Vedra goberna o PP e ten equiparadas as tarifas e o único concello na comarca que mantén esa diferenciación, que é certo que foi dun compromiso comarcal do ano 2008, é Padrón. Considera o sr. alcalde que iso é así porque o resto resulta terriblemente inxusto, engadindo que é certo que aínda así equiparando as taxas Teo seguirá sendo dos concellos que teñen as tarifas máis baixas, e con diferenza. Ames está por riba de Teo, Brión está moito por riba, Padrón está lixeiramente máis baixo, é o único concello que ten esa diferenciación, Santiago de Compostela está por riba e Vedra está practicamente equiparado pero coa diferenza de que, como se pretende aquí, o rural e o urbano pagan o mesmo porque no fondo teñen o mesmo servizo. Sinala o sr. alcalde que para el as taxas non son un problema. Sinala que ademais hai unha cuestión que é clave nesta discusión, parece que se di que se hai xestión directa vai haber que pagar non sabe o que, pero a sra. Lemus cree que se hai unha xestión indirecta non vai haber

que pagar ese “non sei que”. É dicir, se a suba do IPC é como está sendo, pregúntalle á sra Lemus se pensa que hai algún contrato que resista sen unha revisión económica. Obviamente hai que facer os cálculos cunha previsión razoable que se pode errar, e seguro que se errará, en que o IPC en vez de subir un 3% vai subir un 7%, pero iso vai pasar tanto se hai unha xestión privada como se hai unha xestión pública, e se se dispón unha pública haberá que amarrar o cinto noutras cousas e se hai unha xestión privada haberá que amarrar o cinto noutras cousas para pagarlle á concesionaria. A concesionaria non está aquí como “*hermanita de la caridad*”. Evidentemente pagar, se as cousas van mal dadas, haberá que pagar, sexa cal sexa o modelo de xestión.

Sinala o sr. alcalde que, con respecto á reposición do persoal e a capacitación técnica para un condutor de camiión, hai bolsas de substitución dos tractoristas que desbrozan as cunetas. Pensa que a labor dificultosa lle gana á dos tractoristas manexando os brazos laterais, entón evidentemente claro que é unha dificultade técnica ter unha bolsa de substitución de condutores de camiión, pero similar á dos tractoristas.

Entende o sr. alcalde que o PSOE defende un modelo baseado en suplir o préstamo, en cambio se é unha empresa privada é ela a que pon o camiión. Di o sr. alcalde que habería que preguntarse que mais lle da economicamente ao Concello. Explica que se o Concello non fai ese préstamo vai ter que facelo a empresa privada e habería que preguntarse por que a empresa privada non quere un contrato de catro anos. Explica que os camiións, ao igual que os concellos, teñen que mercalos e teñen que financiarlos e ese financiamento está calculado que queda compensado ao cabo de oito anos, como mínimo, sendo dez anos o correcto ou o ideal. Entón, da igual, obviamente o Concello ten que empeñarse para mercar o camiión e senón o concesionario no seu estudo de custes pasa os gastos financiamento e en vez de ser os 600.000 ou 700.000 € anuais, serán 900.000 € anuais dos cales 200.000 van para financiar a maquinaria. É exactamente igual que se o fai o Concello, só que facéndoo directamente o Concello ten o control da situación e pode tomar decisións ao respecto.

Sinala o sr. alcalde que, tratándose do persoal, hai que ter en conta que é un servizo que por sorte conta cunha persoa dedicada en exclusiva, de forma diaria e permanente, á xestión do servizo e á dirección, polo tanto non se vai a sobrecargar a ningún servizo municipal con ter que levar unha xestión, que é certo que noutras

municipalizacións si que se sobrecargou dunha forma maior aos servizos municipais porque certamente non existía esa persoa. No tema de augas, por exemplo, levou dous anos contratar e mentres padecéronse esas consecuencias, noutros non a había e noutros había e o servizo está funcionando en condicións.

Explica o sr. alcalde que a memoria foi feita por el, con moitas consultas técnicas, porque pensa que primeiro os políticos teñen que tomar decisións políticas, e despois iso teñen que valoralo tecnicamente. Por iso cando fala da constitución desa comisión político-técnica fala para iso, e por iso estaba propiciando ese dereito de veto. Se isto é unha memoria que se cualifica de política e resulta que nunha comisión técnica os técnicos din que non é así, se iso pasa, é polo que os políticos teñen a capacidade de dicir que iso non vale e que queren reverter a situación e volver a valorar en Pleno a posibilidade de facelo cunha licitación externa. Salienta o sr. alcalde que primeiro tómanse decisións orientativas e logo comézase a discusión técnica deses conceptos deses servizos e de todo o que faga falta.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo, D. Antonio Reyes Sánchez Crespo.

O sr. Reyes sinala que, co ánimo de que o debate sexa o máis axilizado posible, despois de que haxa unha boa parte dos argumentos xa postos enriba da mesa, vaise limitar exclusivamente a unha serie de cuestións, restándolle xa ás que foron formuladas tanto polo PSOE como polo BNG, cuestión que pasa a expoñer nos termos seguintes:

1.- O sr. Sánchez di que comparte totalmente, respecto do informe, o que comentaba o BNG no que atinxe á exclusión do estudo da xestión do punto limpo, recollida papel cartón, aceite, pilas e outros elementos valorizables. Pregunta o sr. Sánchez por que se exclúe e canto é o custe actual deste servizo, para incrementarllo ó custe final.

2.- Sinala o sr. Sánchez que o custo do persoal establécese a partir de datos da empresa, como se indica no estudo, pero precisamente ese foi o motivo que lles levou a problemas serios con anteriores municipalizacións e que finalmente o custo definitivo da municipalización non está a ser o que estaba previsto nos informes previos iniciais. Pregunta o sr. Sánchez se se falou cos traballadores.

3.- Di o sr. Sánchez que simplemente quere dar un dato que lle parece ás veces contradictorio ou problema de comprensión lectora, ponse por un lado que o cambio de contedores faríase no período dun ano sen embargo noutras partes do informe pon que se faría paulatinamente, entón gustaríalle saber como se faría, porque a partida orzamentaria é realmente alta.

4.- Refírese o sr. Sánchez ao mantemento e limpeza de contedores. Pregunta se a frecuencia é maior ou é menor da actual. Pregunta polos problemas reiterados que xa teñen comentado algunha vez no Pleno pola suciedade de boa parte deles.

5.- Pregunta o sr. Sánchez polas frecuencias de recollida. Di que pon no estudo que non se distinguen entre urbano e rural, polo que se entende que vai ser idéntica. Pregunta se agora non se fai e despois se vai facer, ou ben agora non se está a facer sendo necesaria ou ben despois vaise facer sendo innecesaria. Pensa que estaría ben aclarar esta cuestión.

6.- Tratándose das frecuencias de varrido actuais, que se contemplan no punto 3.3.1, indicando cando se fai en cada zona, pregunta o sr. Sánchez se son as mesmas que as que se propoñen no estudo.

7.- Se nun futuro a frecuencia de recollida do rural vai ser idéntica á do urbano, pregunta se isto quere dicir que polo tanto estase pagando agora de menos ou que despois se vai pagar de máis. Sinala que, a colación disto, quere dar un dato, aínda que antes fixo a conta por riba, xa que vanlle subir á xente do rural o 45%, isto sen incluír as subidas de IPC que se contempla no documento, co cal se cadra no ano 22 ou 23 están pagando corenta e sete euros e no ano 24 van pagar de repente setenta e pico euros, nun período de tempo moi breve case se lle pode suplicar o recibo á xente do rural.

8.- Pregunta o sr. Sánchez que vai pasar co servizo se esta proposta de hoxe non sae adiante, pregunta se se seguiría en precario, engadindo que a empresa xa leva moito tempo dicindo que non está disposta a continuar. Pregunta se hai algún *ultimátum* por algunha das partes.

9.- Pregunta o sr. Sánchez se se solicitaron orzamentos a entidades privadas para poder facer unha análise comparativa entre un modelo de xestión directa e un de

xestión indirecta.

O sr. alcalde sinala que a exclusión do papel e do punto limpo responde a unha causa, e é que aí se xeran elementos valorizables. Eses elementos fan que na práctica eses servizos agora xa non están contemplados, é dicir GESECO non xestiona o punto limpo, nin a recollida de papel e cartón, xa son servizos que van con outro custe por outro lado, que neste caso leva outra empresa, cuxo nome non lembra agora. Pensa o sr. alcalde que nos papeis que pasou ían os datos, incluso os custes de recollida deses elementos. O Concello se saca cuestións que necesariamente pode vender ten que facer un proceso administrativo moi complicado para a venta deses materiais, tanto na xestión do punto limpo como na recollida do papel e cartón. É certo que o papel e cartón agora non ten un prezo moi aproveitable, pero houbo momentos en que o servizo se mantiña perfectamente na recollida de papel e cartón. Por exemplo, hai uns anos foi a propia empresa que recolle o papel e o cartón a que lle ofreceu ao Concello un servizo porta a porta de recollida de papel e cartón polos comercios, porque era un servizo moi rendible, e era sen custe algún para o Concello.

Tratándose dos traballadores, sinala o sr. alcalde que, de forma oficial, sindicalmente, non se falou. Pero si que se falou con algúns, testaron dalgunha forma, individualmente, a algúns traballadores como verían a situación e con todos os que se testou todos din que a situación é posible. É máis, houbo algún caso en que se testou expresamente porque se consideraba que o feito da subrogación é unha decisión voluntaria, e considerábase que se non había esa dispoñibilidade de subrogación por parte dalgunha persoa o servizo podía resentirse.

Explica o sr. alcalde que, polo que respecta aos cambios de contedores, a idea é facelos nas zonas que aí se detallan, que son as zonas urbanas, porque é certo que este cambio de contedores supón un cambio de modelo, polo que se trataría de saír á contratación desa substitución neses sitios, ver tamén con esa experiencia como vai e así que se remate esa instalación e se poña en marcha, facela progresivamente ata completar as zonas urbanas. A idea é que nos primeiros catro anos de servizo todos os contedores da zona urbana estean cambiados. Pero tamén é certo que, se se considera que esa cronoloxía ou distribución temporal non é adecuada, tamén se pode modificar. Sinala que nese sentido todas as cuestións que se considere que se deben

de facer á vez, non vai haber ningún problema por parte do goberno municipal.

Tratándose da limpeza de contedores sinala o sr. alcalde que neste momento é unha limpeza trimestral. No estudo se pon que os contedores orgánicos se limpen cada dous meses e nos de fracción resto marzo, maio, xuño, setembro e decembro, na de envases lixeiros mantense cada tres meses, e na de colectores de vidros cada tres meses. Salia o sr. alcalde que é unha frecuencia maior e que habería un camiión que sería do Concello, que se podería dispoñer del, xa que ao mellor hai contedores que cheiran nun sitio, porque a xente a educación ás veces non a aplica e se se bota peixe sen unha bolsa, e nese caso da igual que se limpe cada mes o contedor, ao día seguinte ou aos dous días cheira porque se botou o peixe. Na medida na que haxa un camiión enteiramente á disposición do Concello e se poida actuar con el vai ser moito máis eficaz e as frecuencias son maiores.

Explica o sr. alcalde que partindo de que non hai constancia de que fose mala a xestión da empresa concesionaria actual, facer o seguimento da limpeza dos contedores, de cantas veces se limpan, é moi difícil, porque ás veces din que empezan a campaña por un lugar e faise un seguimento, pero a limpeza de todos os do Concello eses tres meses ou se está detrás deles vixiándoos ou non é posible, non hai forma de controlar por moito empeño que se poña niso. Considera que nestes anos a media foi de dúas veces ao ano e a base de traballar moito con eles, de estar moi enriba deles, e de denuncias, reclamacións, etc.

Con respecto á frecuencia de recollida, se é diaria ou non, sinala por que se partía do suposto dunha parte da capacidade dos contedores e doutra de que se encheran ou non se encheran. Partíase de que no urbano había contedores cheos todos os días e nos outros non e na práctica non é así tampouco, pero é certo que nas zonas urbanas hai, ou ten que haber, moita maior frecuencia de recollida, ou máis que frecuencia hai maior acumulo de materiais. Esa é unha base fundamental dos cambios de contedores. Por exemplo, sinala, hai varios sitios en que están situados estes contedores, por exemplo un deles é Sanxenxo, e estes contedores teñen un sistema de recollida de lixiviados propio, é dicir, que non é de mestura, que se autolavan cada vez que se recolle o lixo e propician que non sexa necesario recollelo todos os días, ademais da capacidade. Tamén é certo que teñen a desvantaxe de que a instalación deses

contedores, habería que sacar a licitación todo no seu conxunto, a instalación de contedores e a recollida, loxicamente as empresas van xogar co tema de que non teñen que recoller todos os días, pero que a costa diso teñen que facer un investimento en contedores que é moito máis que se simplemente se renovan os que hai agora, xa que saen moito máis baratos.

En relación á pregunta do urbano e do rural, a diferenza, e sobre todo as taxas. Sinala o sr. alcalde sinala que se ás veces quedou sen poder responder á xente porque non tiña argumentos máis que o argumento de que *“tés a desgraza de ter a casa no solo urbano e outros a vantaxe de telo no solo rústico”*, porque é o único argumento que se lle podía dar para que un estivera pagando unha cantidade e outro outra, o único, porque por exemplo se se vai polo rural e polo urbano a única diferenza que se ve neste momento, e nalgúns sitios, é o tipo de contedor, o único. Entón, si é certo que hai que facer un esforzo no rural en poñer dunha forma que sexa atractiva e integrada na paisaxe os contedores, pero non ten sentido diferenciar as taxas. Coincide o sr. alcalde co sr. Sánchez en que igual pode ser moi bruto o incremento dunha persoa que agora paga 48 euros, porén hai que ter en conta que en ningún sitio da redonda pagan 48 euros pola recollida do lixo, en ningún outro concello, aínda que para cada un individualmente pode ser un impacto. Sinala o sr. alcalde que quizais se poida establecer unha medida de gradación, por exemplo, modificar a tarifa un 10% ou un 20%, cada ano para que se vaian equiparando, engadindo que son cousas que se poden discutir xa o golpe é importante.

Sinala o sr. alcalde que se a proposta non vaia adiante no próximo Pleno levarase a proposta de licitación pública. Prepararanse os pregos técnicos e dependendo un pouco da situación igual se fai un Pleno extraordinario e se saca unha proposta similar á que se sacou para o SAF, para inicio do proceso para despois aprobar os pregos técnicos e administrativos o antes posible.

Sinala que é o seu compromiso que se a xestión directa non vai adiante que vaia a licitación. Sinala que se a proposta non vai adiante e se fai a concesión para el o máis importante é definir as características do servizo, porque iso vai ser o que determine o custe da licitación, engadindo que tampouco ten ningún problema en que se definan nunha Xunta de portavoces as características coas que se quere sacar a licitación,

porque facer uns pregos técnicos os técnicos poden facelos se saben o que se quere pedir, porque non é o mesmo, por exemplo, ter que facer unha limpeza viaria tantas veces ou outras.

Tratándose doutra das cuestións plantexadas, relativa ás limpeza viarias, sinala que a frecuencia é practicamente a mesma na zona urbana onde había beirarrúas, nas primeiras, aumentáronse todas as zonas nas que non existían beirarrúas e o que non se contemplaba antes, e non existía na práctica, era a limpeza na zona rural, e agora non aparece no listado pero si que a proposta leva que haxa unha cuadrilla específica cun vehículo propio para limpeza exclusiva no medio rural e que vai a levar ademais o desbroce de todas as beirarrúas, que é un dos problemas que se xerou e do que se ten falado moitas veces.

Explica o sr. alcalde que non se pediron propostas á empresas privadas porque para iso hai que definir as condicións do contrato e iso é o que non está definido ata esta proposta en concreto, porque os datos que pode dar a empresa privada do custe de licitación van a estar en función da xente que teña que contratar, da maquinaria que teña que mercar nova, das frecuencias de recollida, é dicir, vai a depender de todo iso. Pero tamén vai a depender doutras cousas, por exemplo, pregúntase se hai custes que a empresa privada pode facer mellor que a pública, engadindo que é certo, e así, por exemplo, tratándose da limpeza de contedores, se se comparte a limpeza con varios concellos e se usa un mesmo camiión para limpar os contedores dos dous concellos evidentemente iso vai poder facer dun xeito máis barato a empresa, o Concello vai perder capacidade de decisión pero vai ter esa posibilidade. Tamén depende, sinala, se se lle di que non, que teñen que ter un camiión de limpeza de contedores propio e exclusivo para o concello, que é unha das condicións que se pode poñer, aínda que entende que se se vai a licitación iso non se debería de poñer. É certo que o concello se vai ver no problema, outra vez, de controlar cantas veces limpan os contedores, pero realmente se ten algún sentido saír a licitación cunha empresa privada é aproveitar as posibilidades que teñen as empresas privadas de compatibilizar servizos, que o Concello non a ten. Pero iso tamén será unha cuestión que en todo caso se debatería nesas comisións.

Sinala que se lle queda algunha cousa por responder falaríase no segundo turno.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a sra. Castelao sinala que xa se perdeu, que non sabe se se vai votar unha comisión política técnica, unha técnica política, non lle parece serio. Considera que, dende logo, as decisións tómanas os políticos, pero deberían de estar asesoradas por técnicos, entón ó mellor si que é certo que se tiña que ter creado esa comisión para detallar todo, pero de todos os xeitos elas na oposición son minoría, son só 2 concelleiras, e quen goberna é Son de Teo e ata hai ben pouco tamén co PSOE, e non sacaron adiante isto cando había que. Explica que dixeron varias pinceladas coas que non están de acordo, e elas non están gobernando e pensan que non teñen por que expoñer o seu proxecto, cando quen goberna non son elas, senón que ata hai pouco eran un bipartito que non sacou adiante nada disto. Remata a súa intervención a sra. Castelao, sinalando que van seguir co mesmo argumento que mantiveron ata agora.

O sr. alcalde explica, por aclarar, que se esa é a imaxe dende logo ten moi claras as cousas do que eles queren facer, o único que non teñen é, en principio, os números para facelo. Entón, precisamente en función dos números e de que entende que tomar aquí unha decisión que sexa irreversible pode ser difícil para os grupos, nesa medida é na que propón que se se tome a decisión de tirar por este lado, se conforme esa comisión política onde todas estas cuestións que se están expresando aquí se formulen alí cos técnicos e onde se propoña o que se quere, porque as decisións inevitablemente hai que tomalas, pero pódese facer sos ou en colaboración coa xente que estea disposta a apostar por isto. Salienta o sr. alcalde que o que está ofrecendo, polo tanto, é que as decisións se tomen entre quen estea disposta a apostar por isto, e obviamente cun aval técnico e tamén coa capacidade de que, se tecnicamente estes números e cuestións que se propoñen resultaran inabordables ou se vira que non coinciden para nada co criterio técnico, cousa que asegura que non vai pasar porque foron feitas con consultas técnicas, aínda que non por unha Comisión técnica, pero se iso pasara, que as forzas políticas teñan a capacidade de dicir que queren volver a Pleno a votar isto de novo. Reitera o sr. alcalde que ese é o seu compromiso, engadindo que son os que son e que se tiveran maioría absoluta non o farían así.

Intervén a sra. Lemus e sinala que descoñece cantas veces o sr. alcalde dixo a frase “*a miña previsión é esa pero poderíamos anulala, cambiala, telo en conta, valorala, modificala*”. Sinala que, dada a cantidade de sinónimos que dixo o sr. alcalde, ía anotar

as veces que cambiaba, pero chegou un momento que pensou que era un absurdo porque se está a cambiar todo, incluso cree que lle cambiou o nome á memoria. É dicir, a cuestión aquí é aprobar isto. Manifesta a sra. Lemus que o sr. alcalde di que se despois montan a comisión e non se está de acordo teñen dereito a veto, engadindo que ela o veto faino agora.

Sinala a sra. Lemus que este modelo non lle serve por dúas cousas, por un lado o do préstamo, que ou é o sr. alcalde ou é a empresa, e o segundo a suba de taxas, que en ningún momento falou de que non se ía producir.

Sinala que tampouco o sr. alcalde lle contestou a determinadas cuestións como a da empresa pública de Arteixo, gobernada polo PP, na que o papel e o cartón e o vidro non están privatizadas senón metidas nunha empresa pública, porque a empresa pública si que pode facer este tipo de intercambios económicos.

Sinala a sra. Lemus que, como acaba de dicir a sra. Castelao, o sr. alcalde primeiro toma as decisións políticas e logo fanse as valoracións técnicas. Sinala que as decisións orientativas as toma normalmente un xestor pero as decisións políticas neste Pleno, con estas determinacións como as que se inclúen na súa memoria, pensa que non son decisións soamente políticas a curto prazo, senón a algo máis e que a comisión poderá cambiar, modular, modificar, e rectificar e todo o que sexa necesario para que ao sr. alcalde lle saia o modelo, pero si que é certo que as cuestións principais que para ela resultan conflitivas non as vai cambiar.

Continúa explicando a sra. Lemus que sempre se lembra que no primeiro Pleno ao que asistiu de público dicía Armando Blanco que cando un non gaña empata. É dicir, o sr. alcalde vai facer o que sexa para que isto saia adiante. E non ten ningún sentido, o lóxico sería ter feita esa comisión político-técnica, chegar a un acordo, ver os pros e os contras, non soamente criterios económicos senón tamén de eficiencia, porque pensa que hai criterios de eficiencia que non se están a valorar como por exemplo os temas que se falaban antes de que, por exemplo, que unha empresa leve dous concellos, que ten economía de escala, pero tamén ten unha solución por exemplo a un problema cando ten un camión avariado. Por iso sempre se acaban monopolizando os sectores e ese é o problema do capitalismo salvaxe que existe, pero tampouco se pode pretender que para loitar contra ese principio do capitalismo salvaxe, que é un principio existente

e pensa que todo o mundo é consciente do mesmo, que non é o mellor do mundo, que haxa que dicir que ese modelo enfronta a unha memoria formulada polo sr. alcalde, falada con algún técnico que non se sabe cal foi, e que de repente o sr. alcalde di aquí que ten por seguro que non vai ser que os técnicos lle van dar a razón, pero por outro lado é capaz durante máis de unha hora de modular, modificar, rectificar, valorar, e xa se mirará.

A sra. Lemus sinala que non ten claro se o que o sr. alcalde viña era a traer unha proposta sen memoria, engadindo que case era mellor que isto e que perderon algo de tempo todos mirando unha memoria que para todos agora mesmo, os que están a favor da municipalización, os que están en contra, e os mediopensionistas, é papel mollado. Considera que a memoria non vale para nada e que o único que está claro son dous aspectos, o resto ninguén ten claro nada, e o único que propón o sr. alcalde é un elemento a maior, así como tan máxico, e agora saca da chistera unha comisión técnico-política na que se poderá formular o veto. Remata a sra. Lemus a súa intervención sinalando que neste caso o PSOE, en coherencia co dito os últimos meses, o veto xa o formula agora.

O sr. alcalde sinala que, con respecto ao preguntado de se o obxectivo é aprobar isto, é así, senón non o presentaría aquí, porque sería do xénero tonto, engadindo que o que acontece é que son conscientes da situación na que están e se tiveran maioría absoluta non farían isto, porque non terían sentido facelo, pero non a teñen.

Cree o sr. alcalde que no fondo tamén se usa un talante distinto, pensa que non ten nada que ver, por exemplo, o tratamento das obras do POS cando estaba o goberno bipartito que cando non o hai, e pensa que está funcionando ben. Considera que o importante dos políticos e das políticas é ser capaces de intentar sacar os proxectos adiante sendo conscientes da realidade na que se viven, e sendo conscientes de que se non existen os votos suficientes e se hai outros que representan a outros cidadáns e polo tanto haberá que telos en conta, nin máis nin menos.

Manifesta que, nesa medida, a memoria non pode ser papel mollado, a memoria é un referente básico, o que se está dicindo precisamente da posibilidade desa comisión é que se o que pasa na realidade ou que se constata na realidade polo estudo técnico que se faga non coincide co que aquí se presenta, entón cabe a posibilidade de que as

forzas políticas decidan que non. Pero non é para nada papel mollado, senón que ten que ser a guía e o modelo que haxa que intentar levar adiante, conxuntamente, corrixiendo loxicamente o que faga falla corrixiu, aínda que obviamente é certo que non hai capacidade económica para investir nos contedores sen ir a un préstamo. Salienta o sr. alcalde que é unha decisión, pero é unha decisión que se paga si ou si, é dicir, ou se paga pola vía de crédito ou se paga por vía dunha concesionaria, e non hai máis, porque o dos cartos é coma a enerxía, nin se crea nin se destrúe.

Tratándose do capitalismo salvaxe, pensa o sr. alcalde que se salta na medida do posible e nos servizos básicos é distinto, engadindo que unha das funcións básicas da xestión municipal é a recollida do lixo e débese de intentar facelo dende o servizo público. Considera que, se se mira o panorama, é ben claro, e pregúntase cantas empresas están recollendo lixo en Galicia. Sinala que GESECO, que xa tivo que ser case absorbida por CESPAN para seguir adiante, non vai ser a nova concesionaria se se saca, será unha das dúas que lograron sacar do mercado a todas as empresas pequenas existentes, e esa vai a ser a realidade. Opina que non se trata de loitar contra o capitalismo, porque igual haberá cousas nas que haxa que recorrer a eles, pero na medida en que se poida facer cos criterios dunha xestión pública pois é mellor.

Intervén o portavoz do PP, sr. Sánchez, e di que non pretendía prolongar o debate pero si que precisa deixar algunhas cuestións moi claras.

Sinala que en agosto de 2020 prorrógase o contrato, goberna Son de Teo co PSOE e en agosto de 2021, prorrógase o contrato, goberna Sonde Teo con PSOE. Daquela gobernaban os dous partidos, PSOE incluído, e se en plena lexislatura, probablemente o mellor momento da lexislatura, con tres anos por diante, non se fixo, entende que foi porque ao PSOE non lle deu a gana. Entón, se daquela o PSOE gobernaba e agora di que os que veñan despois serán os que deberían de xestionar isto el está profundisimamente agradecido ao PSOE porque entende que o PSOE está dicindo que os que van gobernar son eles, co cal de verdade que llo agradece moi profundamente polas estimacións do PSOE de cara ao PP. Sinala que, aínda non empezou a campaña, pero dende logo é un insuflor de ánimo bastante importante para o PP de Teo.

Salienta o sr. Sánchez que ademais o PSOE non soamente di iso senón que da por

feito que os que veñan despois o van facer mellor, co cal é un dobre insuflado de ánimos para quen lle toque, que esperan por suposto, deixando a un lado o histrionismo, que a veciñanza lles dea a eles esa confianza.

Sorpréndelle ao sr. Sánchez que agora o PSOE veña dándolle leccións aos demais, como se non estiveran aquí seis anos gobernando, como se non pasara por aquí en ningún momento e non pisaran a moqueta, cando tiveron a oportunidade de facer que un servizo non estea en precario como está agora. Dirixíndose ás/aos concelleiras/os do PSOE, o sr. Sánchez dilles que lle perdoen pero que agora que dende o PSOE din que todo o mundo fai todo mal, non poden vir de salvapatrias porque estiveron gobernando seis anos e comprometéronse a estar de acordo con Son de Teo para sacar a lexislatura adiante, e se este servizo está en precario en parte, por suposto, é responsabilidade do PSOE.

Pregúntalle o sr. Sánchez á sra. Lemus se saben que están facendo cada día, con cada decisión que toman, e sinala que o que fan é cargar ó alcalde de razóns polas cales lles cesou, xa que dende logo cada día el está máis convencido de que o cese foi cada vez máis correcto, sinceramente, e pola súa forma de proceder cada día o demostran máis.

Sinala o sr. Sánchez que se o PSOE di que esta decisión a vai tomar electoralmente e eles non o van facer, engadindo son conscientes de que quedan sete meses de lexislatura, para o bo e para o malo e dende logo non van tomar unha decisión electoralmente. Se o PSOE xa está en eleccións pensa que fan ben, pero eles o que teñen claro é que primeiro o PSOE tivo oportunidade con Son de Teo de regularizar esta situación e non o fixo, segundo que o servizo está en precario para prexuízo da veciñanza e tamén que o PSOE é o 50% responsable disto.

Sinala o sr. Sánchez que o PSOE está demostrando o seu talante, seguen nese sentido, nunca son culpables de nada, e agora veñen a salvar a patria, cando se estivo esperando polas súas xestións dalgunhas cousas catro anos e marcharon sen facer absolutamente nada.

O sr. Sánchez di que aceptan a proposta da Comisión, pero sempre e cando queden por escrito as condicións que puxo o sr. alcalde antes, que os partidos teñen dereito a

veto, perfecto, pero queren deixar moi claro que isto non é un cheque en branco, e para eles esta proposta ten moitas eivas e ten claramente liñas roxas, a primeira delas é a suba da taxa no medio rural, xa que non o van aceptar. Sinala que eles, como sempre dixeron, nunca defenderon un sistema ou outro por motivos ideolóxicos, nunca foron nin a favor nin en contra da municipalización por sistema, sempre foron a favor ou en contra daquel sistema que fose o máis eficaz, o máis eficiente e o máis recomendable para a veciñanza, independentemente de que este fora xestión directa ou indirecta, ou mixta ou a que fora.

Salienta o sr. Sánchez que do que sempre estiveron en contra da municipalización que se fixo ata o momento era da forma en que se estivo facendo. Convén lembrar que unha das máis importantes se fixo de hoxe para mañá en pleno verán. Daquela estaba o PSOE e pareceulle estupendo que se fixera así. Reitera o sr. Sánchez que quere deixar claras varias cousas. Aceptan o diálogo, non se van mover por motivos electorais, senón exclusivamente para que este servizo non quede en precario e para que a veciñanza teña a mellor alternativa. Xa que isto non se fixo en ningún momento nos 12 anos anteriores pois agora que se lles da a oportunidade polo menos poder facelo. Sinala o sr. Sánchez que tamén ten que quedar claro o veto que poden ter nun futuro. Salienta que entón a súa proposta é de trasladar, nos vindeiros días, todas as liñas roxas que ten o PP, unha das cales é a suba das taxas, que é innegociable, e a partir de aí mirar, e tendo por suposto moi claro que nun futuro se o sistema que se lles pon enriba da mesa non lles convence dende logo teñen esa capacidade de veto. Sinala que tamén por suposto se o sistema é o mellor para a veciñanza aquí están eles, por responsabilidade institucional, porque son un partido que aspira á institución e teñen esa responsabilidade institucional.

O sr. alcalde sinala que se reafirma no dito, non ten ningún problema en recoñecer por escrito iso que acaba de expoñer. É certo, di, que hai cuestións que non van a compartir, por exemplo o tema das taxas, evidentemente iso require reformular o estudo económico. Sinala que, aínda partindo do que el considera un erro, entende que se se participa nas cousas cadaquén poida poñer as liñas roxas que se consideren, engadindo que o importante é telas claras e que todos vaian sabendo o que hai e iniciar esa proposta para sacar adiante isto.

Antes de proceder á votación do ditame da proposta do punto da orde do día que se está a tratar, aclárase que, dende o momento en que o Pleno toma coñecemento da renuncia da sra. Nariño, a mesma faise efectiva, razón pola cal esta concelleira debería absterse de participar na votación.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con catro votos a favor (4 Son de Teo), tres votos en contra (3 PSdeG-PSOE) e oito abstencións (6 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Manifestar a vontade do concello de asumir a xestión directa do servizo de Recollida dos R.S.U. unha vez formalizado o procedemento necesario, tomando como base o Estudo previo de *Avaliación de custos e sistema de xestión do Servizo de xestión dos RSU e limpeza viaria do concello de Teo*, e iniciando o proceso administrativo con ese obxectivo.

Segundo.- Declarar a vontade de que o concello asuma a subrogación das persoas traballadoras salvagardando os dereitos recollidos no seu convenio e como medio de dar continuidade e estabilidade ao servizo.

6.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

O sr. alcalde sinala que se vai retirar este punto da orde do día, pero vaise proceder a explicar o motivo.

O sr. Igrexas explica que a esta modificación estaba en función de reformar un dos artigos sobre a enerxía solar e a súa desgravación dun tanto por cento do IBI. Sinala que fixeran unha proposta e no día de hoxe estiveron mirando que varias das solicitudes dos veciños aínda quedaban fóra con 2,5 kw por cada 100 metros cadrados, polo tanto, antes de aprobar unha modificación que ao final tamén sexa inútil ou que haxa moita xente que non poida acollerse a ela, vaise retirar para reconsiderar esa cantidade.

Sendo as vinte e dúas horas a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus comunica que, por razóns de saúde, ten que abandonar o Salón de Plenos.

7.- MOCIÓNS.

Explica o sr. alcalde que hai tres mocións de urxencia do BNG, máis a moción que asinan todos os grupos sobre o día mundial da infancia 2022.

Con respecto á declaración do día mundial da infancia 2022 pregunta se alguén quere manifestar algo, aínda que se pasou aos portavoces e todo o mundo estivo de acordo en presentala conxuntamente. Aclara que se trata dunha moción que presentou UNICEF para que se promovera en todos os concellos.

7.1.- Moción sobre o “Día mundial da infancia 2022. Declaración dos grupos municipais do Concello de Teo”, do 26 de outubro de 2022.

O sr. alcalde explica que procede en primeiro lugar votar a urxencia da moción plantexada de forma conxunta por todos os grupos municipais, xustificándose a urxencia pola celebración do día mundial da infancia.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción sobre o “Día mundial da infancia 2022. Declaración dos grupos municipais do Concello de Teo”, do 26 de outubro de 2022.

Dáse conta do contido da moción sobre o “Día mundial da infancia 2022. Declaración dos grupos municipais do Concello de Teo”, do 26 de outubro de 2022.

“DÍA MUNDIAL DA INFANCIA 2022 DECLARACIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO

Desde o Concello de Teo unímonos, con motivo do Día Mundial da Infancia, a UNICEF Comité Galicia, baixo o lema **“dereitos e emocións”**. Asegurar a consecución dos dereitos de nenos, nenas e adolescentes é unha cuestión colectiva e de obrigado cumprimento. Cando un neno ou unha nena ve limitada a satisfacción dos seus dereitos, o impacto no seu benestar emocional é directo. Por iso, as cidades e pobos,

como comunidades máis próximas á infancia, temos un rol fundamental en asegurar que os nenos e as nenas que viven na nosa localidade sentan emocionalmente satisfeitos e felices de vivir nela.

A aprobación da Convención sobre os Dereitos do Neno, en 1989 supuxo un gran avance no cumprimento dos dereitos de nenos e nenas, así como a súa ratificación por España no ano 1990. Con todo, a día de hoxe, quedan aínda grandes retos globais a abordar e que nos interpelan tamén a nivel local:

- O número de nenos e nenas que viven en situación de pobreza no mundo disparouse a 1.200 millóns. En España, hai 2,75 millóns de nenos, nenas e adolescentes que viven en fogares en risco de pobreza ou exclusión social: un 33,4% da poboación menor de 18 anos (2021). É actualmente o segundo país da Unión Europea con maior taxa de pobreza infantil tras Romanía. En Galicia o 31,7% (120.166) de nenos e nenas viven en risco de pobreza e exclusión social (Taxa AROPE ECV 2021 INE).
- 1 de cada 10 adolescentes de 10 a 19 anos no mundo, teñen diagnosticado un problema de saúde mental, e só o 2% dos orzamentos dos gobernos a nivel mundial é destinado a tratar a depresión, ansiedade ou outros. En España, o 13,2%, de nenos e nenas de 4 a 14 anos presentaba risco de sufrir algún tipo de problema de mala saúde mental, segundo datos da Enquisa Nacional de Saúde en 2017.
- Máis de 260 millóns de nenos e nenas non van á escola a nivel mundial. O 50% dos nenos refuxiados non ten acceso á educación.
- Máis dun terzo dos estudantes de entre 13 e 15 anos experimentan acoso escolar. En España, segundo o último informe de UNICEF, o 33,6% dos estudantes entre os 11 e 18 anos estaría a sufrir acoso escolar, e o 22,5% ciberacoso. En Galicia, o dato de acoso escolar para esta franxa de idade sitúase no 33,7%, e o de ciberacoso no 21,8%.
- 426 millóns de nenos e nenas viven actualmente en zonas de conflito armado.
- 1.000 millóns de nenos están moi expostos a niveis cada vez máis elevados de contaminación atmosférica e 820 millóns de nenos están moi expostos ás ondas

de calor. España é un dos países europeos máis vulnerables ao cambio climático.

Desde a corporación local non somos alleos a esta realidade. Por iso, comprometémonos coa promoción dunha maior e máis eficiente investimento na infancia, garantindo que se asignan os recursos necesarios para afrontar os retos mencionados cos dereitos da infancia no centro, e máis concretamente con:

- A saúde mental. Impulsaremos mecanismos integrais de prevención en materia de saúde mental na infancia e a adolescencia destinados a mellorar o seu benestar emocional e ao mesmo tempo promovendo hábitos de vida saudables.
- O dereito á educación. Impulsaremos políticas de reforzo educativo que garantan o acceso equitativo e efectivo a unha educación de calidade a través de bolsas e programas de apoio, especialmente para os nenos e nenas nas súas primeiras etapas educativas e/o en situación de vulnerabilidade.
- A protección da infancia ante todo tipo de violencia. Impulsaremos mecanismos para que a nosa localidade sexa unha contorna protectora (a través de adaptación de espazos, formación de profesionais, etc.), que conta cos recursos suficientes para que todos os servizos dirixidos á infancia garantan, desde un enfoque preventivo, a protección de nenos, nenas e adolescentes ante situacións de violencia.
- O dereito a un medio ambiente san. Impulsaremos actuacións que promovan unha transformación urbana con enfoque de infancia para mellorar a calidade ambiental (contaminación do aire, o ruído, efecto illa de calor) metabolismo urbano (os desprazamentos, redes de auga, enerxía, saneamento) e dos espazos sociais (espazos públicos, equipamentos, vivenda, lugares de traballo, etc.), asegurando que todos os nenos e nenas gozan dun medioambiente limpo e saudable.

Estes compromisos van acompañados a ter en conta tamén as propias voces, necesidades e prioridades de cada neno, nena e adolescente nas decisións que lles afectan na nosa localidade, favorecendo e impulsando procesos de participación con nenos, nenas e adolescentes da nosa localidade. Ademais, seguiremos o marco global

que nos marca a Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, incluíndo á infancia e o seu coidado emocional no centro das nosas políticas. Por iso, o noso compromiso, do Concello de Teo no marco do Día Mundial da Infancia de 2022”

Preguntado polo sr. alcalde, os portavoces dos grupos municipais non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 5 PP, 2 BNG e 2 PSdeG-PSOE), acorda aprobar a declaración que se reproduce a continuación.

Faise constar que, no momento da votación, non se atopa no Salón de Plenos o concelleiro do PP, D. Antonio Reyes Sánchez Crespo.

**“DÍA MUNDIAL DA INFANCIA 2022
DECLARACIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS
DO CONCELLO DE TEO**

Desde o Concello de Teo unímonos, con motivo do Día Mundial da Infancia, a UNICEF Comité Galicia, baixo o lema **“dereitos e emocións”**. Asegurar a consecución dos dereitos de nenos, nenas e adolescentes é unha cuestión colectiva e de obrigado cumprimento. Cando un neno ou unha nena ve limitada a satisfacción dos seus dereitos, o impacto no seu benestar emocional é directo. Por iso, as cidades e pobos, como comunidades máis próximas á infancia, temos un rol fundamental en asegurar que os nenos e as nenas que viven na nosa localidade sentan emocionalmente satisfeitos e felices de vivir nela.

A aprobación da Convención sobre os Dereitos do Neno, en 1989 supuxo un gran avance no cumprimento dos dereitos de nenos e nenas, así como a súa ratificación por España no ano 1990. Con todo, a día de hoxe, quedan aínda grandes retos globais a abordar e que nos interpelan tamén a nivel local:

- O número de nenos e nenas que viven en situación de pobreza no mundo disparouse a 1.200 millóns. En España, hai 2,75 millóns de nenos, nenas e adolescentes que viven en fogares en risco de pobreza ou exclusión social: un 33,4% da poboación menor de 18 anos (2021). É actualmente o segundo país da Unión Europea con maior taxa de pobreza infantil tras Romanía. En Galicia o 31,7% (120.166) de nenos e nenas viven en risco de pobreza e exclusión social (Taxa AROPE ECV 2021 INE).
- 1 de cada 10 adolescentes de 10 a 19 anos no mundo, teñen diagnosticado un problema de saúde mental, e só o 2% dos orzamentos dos gobernos a nivel mundial é destinado a tratar a depresión, ansiedade ou outros. En España, o 13,2%, de nenos e nenas de 4 a 14 anos presentaba risco de sufrir algún tipo de problema de mala saúde mental, segundo datos da Enquisa Nacional de Saúde en 2017.
- Máis de 260 millóns de nenos e nenas non van á escola a nivel mundial. O 50% dos nenos refuxiados non ten acceso á educación.
- Máis dun terzo dos estudantes de entre 13 e 15 anos experimentan acoso escolar. En España, segundo o último informe de UNICEF, o 33,6% dos estudantes entre os 11 e 18 anos estaría a sufrir acoso escolar, e o 22,5% ciberacoso. En Galicia, o dato de acoso escolar para esta franxa de idade sitúase no 33,7%, e o de ciberacoso no 21,8%.
- 426 millóns de nenos e nenas viven actualmente en zonas de conflito armado.
- 1.000 millóns de nenos están moi expostos a niveis cada vez máis elevados de contaminación atmosférica e 820 millóns de nenos están moi expostos ás ondas de calor. España é un dos países europeos máis vulnerables ao cambio climático.

Desde a corporación local non somos alleos a esta realidade. Por iso, comprometémonos coa promoción dunha maior e máis eficiente investimento na infancia, garantindo que se asignan os recursos necesarios para afrontar os retos mencionados cos dereitos da infancia no centro, e máis concretamente con:

- A saúde mental. Impulsaremos mecanismos integrais de prevención en materia de saúde mental na infancia e a adolescencia destinados a mellorar o seu benestar emocional e ao mesmo tempo promovendo hábitos de vida saudables.
- O dereito á educación. Impulsaremos políticas de reforzo educativo que garantan o acceso equitativo e efectivo a unha educación de calidade a través de bolsas e programas de apoio, especialmente para os nenos e nenas nas súas primeiras etapas educativas e/o en situación de vulnerabilidade.
- A protección da infancia ante todo tipo de violencia. Impulsaremos mecanismos para que a nosa localidade sexa unha contorna protectora (a través de adaptación de espazos, formación de profesionais, etc.), que conta cos recursos suficientes para que todos os servizos dirixidos á infancia garantan, desde un enfoque preventivo, a protección de nenos, nenas e adolescentes ante situacións de violencia.
- O dereito a un medio ambiente san. Impulsaremos actuacións que promovan unha transformación urbana con enfoque de infancia para mellorar a calidade ambiental (contaminación do aire, o ruído, efecto illa de calor) metabolismo urbano (os desprazamentos, redes de auga, enerxía, saneamento) e dos espazos sociais (espazos públicos, equipamentos, vivenda, lugares de traballo, etc.), asegurando que todos os nenos e nenas gozan dun medioambiente limpo e saudable.

Estes compromisos van acompañados a ter en conta tamén as propias voces, necesidades e prioridades de cada neno, nena e adolescente nas decisións que lles afectan na nosa localidade, favorecendo e impulsando procesos de participación con nenos, nenas e adolescentes da nosa localidade. Ademais, seguiremos o marco global que nos marca a Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, incluíndo á infancia e o seu coidado emocional no centro das nosas políticas. Por iso, o noso compromiso, do Concello de Teo no marco do Día Mundial da Infancia de 2022”.

7.2.- Moción do grupo municipal do BNG, do 20 de outubro de 2022, en defensa da frota pesqueira galega fronte ao novo regulamento imposto pola comisión europea (rex. entrada nº 5745, do 20/10/2022).

A concelleira do BNG, sra. Diéguez, di que a urxencia se xustifica porque se trata dun tema de actualidade, a flota está actualmente mobilizándose, e se o tema se deixa para máis adiante pode estar fora de contexto.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (4 Son de Teo, 2 PSOE e 2 BNG) e cinco abstencións (5 PP), acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do grupo municipal do BNG en defensa da frota pesqueira galega fronte ao novo regulamento imposto pola Unión Europea, do 20 de outubro de 2022.

Sendo as vinte e dúas horas e tres minutos sae do Salón de Plenos o portavoz do PP, D. Manuel Guerra Calvelo, que se incorpora á sesión plenaria pasados dous minutos.

Sendo as vinte e dúas horas e catro minutos entra no Salón de Plenos o concelleiro do PP, D. Antonio Reyes Sánchez Crespo.

A sra Diéguez da conta da moción do seu grupo do 20 de outubro de 2022 (rex. entrada nº 57456), que se recolle a continuación:

**“MOCIÓN EN DEFENSA DA FROTA PESQUEIRA GALEGA FRONTE AO NOVO
REGULAMENTO IMPOSTO POLA COMISIÓN EUROPEA**

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Teo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en pleno,

Exposición de motivos:

A Comisión Europea vén de impoñer un novo regulamento que se traduce no feche para a pesca nun total de 87 zonas do Atlántico nororiental, o que afecta a unha superficie superior a 16.000 quilómetros cadrados, e que está a provocar consecuencias negativas para os buques equipados con artes de fondo como redes de arrastre de fondo, enmalle, ou palangre de fondo, entre outros. Unha medida xa aplicada, que supón a expulsión da frota galega destas zonas, a redución de capturas e previsíbeis conflitos entre artes nas áreas que serán obxecto de maior concentración de buques.

Este regulamento, imposto desde a Comisión Europea (CE) sen un contraste e interlocución efectiva co propio sector, é un novo golpe que se engade ás

limitacións de TACs e cotas de pesca, ao impacto derivado do Brexit, ou á aplicación das medidas de conservación e dun regulamento técnico e de control, que viñeron a limitar e dificultar a faena da frota galega.

Estamos diante dun acordo da CE que non contou co apoio unánime do Consello nin coa aprobación do Parlamento europeo, que se tomou residenciándose nuns informes científicos e técnicos insuficientes e refutábeis, por parciais e desactualizados, sen diálogo e busca de alternativas co sector, sen unha avaliación socioeconómica sobre o seu impacto e cunhas consecuencias que poden ser estarrecedoras, e que non pode ser aceptado baixo ningún concepto. As consecuencias desta decisión, que para alén do seu impacto brutal en termos produtivos e de emprego, supón tamén agudizar a cada vez maior dependencia da importación de peixe e un previsíbel aumento dos prezos, dificultando o acceso ao peixe aos segmentos sociais de menores ingresos.

A efectivización deste regulamento arbitrario e inxusto representa un golpe en toda a regra á nosa frota, afectando a varios centos de barcos galegos e ameazando millares de postos de traballo. Punto por punto cúmprense os peores agoiros do sector que, malia a estar sometido a unha estrita regulación e control e a non ter permitido xa pescar en todos os lugares onde existen ecosistemas vulnerábeis, vén de comprobar como os seus esforzos non só non son recoñecidos se non que son desprezados e demonizados.

Nos últimos meses, o sector pesqueiro de artes de fondo levou a cabo innumerábeis actuacións para tratar de contrarrestar e combater unha decisión que se adopta agora, mais que xa vén de lonxe.

Descoñécense as actuacións concretas desenvolvidas polo Goberno español e a Xunta de Galiza no marco da rolda de consultas realizada pola CE cos estados membros. Tampouco hai constancia de institucionalmente se tivese formulado unha alternativa perante a proposta de regulamento, finalmente aprobado, que conciliase a protección dos ecosistemas mariños e as biomásas de peixes coa protección dunha actividade pesqueira que é estratéxica para territorios de alta dependencia da pesca como Galiza.

Por outra banda, segue a ser difícil de entender como Galiza, potencia pesqueira no contexto da UE, non posúe ningún tipo de ferramenta política de representación e decisión no ámbito pesqueiro e científico.

En definitiva, o impacto do novo regulamento imposto pola Comisión Europea supón unha ameaza de primeiro nivel que pode facer desaparecer este sector estratéxico tal e como o coñecemos, como advertiron xa publicamente tanto dende o propio sector como dende organizacións sindicais como a CIG.

Por todo o exposto, o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar a Xunta de Galiza a:

- a. Convocar con carácter inmediato o Consello Galego de Pesca para organizar unha resposta unitaria de todo o sector do mar e de todo o tecido social do país (partidos políticos, organizacións sectoriais, sindicais, sociais, etc.) ante o grave golpe que supón a prohibición da pesca de fondo en 87 áreas do Atlántico nororiental, decretada pola Comisión Europea.
- b. Defender á frota galega da pesca de artes de fondo esgotando todas as vías posíbeis e que, de acordo co sector, se consideren.
- c. Iniciar de inmediato o procedemento xudicial en contra da decisión da Comisión Europea.
- d. Defender a presenza directa de Galiza en todos os foros institucionais (políticos, executivos e científicos), a comezar polo vindeiro Consello de Ministros de Pesca da UE que terá lugar no mes de decembro.

2. Instar ao Goberno español a:

- a. Despregar todas as accións que como estado membro poida exercer para lograr a anulación do regulamento imposto pola Comisión Europea.
- b. Esixir no inmediato unha moratoria na aplicación do regulamento.
- c. Establecer medidas compensatorias, dialogadas co sector afectado, que en ningún caso impliquen o acceso a programas de despezamento ou exportación de buques a terceiros estados.

Teo 20 de outubro do 2022
Patricia Castelao Ferreiro

Portavoz Municipal do BNG de Teo “

Aberta a primeira quenda de intervencións, o concelleiro do PSdeG-PSOE, sr. Moñino, anuncia a abstención do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo di que evidentemente están de acordo en que esta decisión unilateral foi tomada sen ser falada cos Estados nin co sector, resultando totalmente indignante e un

despropósito que Bruselas vete á pesca de fondo, estando así mesmo de acordo en que precisa dunha resposta xudicial e contundente. Salienta a sra. Calvo que en todo caso non entende porque se trae esta moción a este concello nin menos a urxencia da mesma. O BNG pensa que traer mocións ao Pleno, como por exemplo a da ocupación ou do sector cárnico, non é competencia do Concello, aínda que sexan de impacto directo, pero en cambio creen que a Monarquía e os asuntos pesqueiros, si que son cousa do Concello de Teo.

Salienta a sra. Calvo que Teo non é un Concello pesqueiro nin ten litoral.

A sra. Calvo, ante a pregunta de que estivo a facer o PP, sinala que no Parlamento de Galicia, por unanimidade, aprobouse unha proposición non de lei presentada polo grupo do PP, por unanimidade, polo tanto tamén polo BNG. A sra. Calvo da lectura á citada proposición, que se recolle a continuación, sinalando que se trata dun documento público que se pode ver na páxina do Parlamento cando se queira.

“PNL. Proposición non de lei aprobada polo Pleno do Parlamento de Galicia o 28/09/2022, Doc. 4.2 – 27682 – 11/PNP002442 do Grupo parlamentario Popular, aprobada por unanimidade.

«O Parlamento de Galicia acorda:

1º. Reiterar o acordo aprobado por unanimidade na Comisión 8ª, de Pesca e Marisqueo, na sesión que tivo lugar o 6 de setembro de 2022 que é o seguinte:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

- 1. Que rexeite publicamente os ataques que o sector de arrastre de fondo está a sufrir por parte da Comisión Europea.*
- 2. Que defenda a importancia deste sector no conxunto do sector pesqueiro e da economía marítima europea.*
- 3. Que solicite ao comisario de Medio Ambiente que teña en conta as opinións do sector e os datos cuantitativos da súa representación sobre o total da frota pesqueira europea.*

2º. Dirixirse á Xunta de Galicia co obxecto de que:

a) Apoie tanto o imprescindible recurso do Goberno de España diante da decisión da Comisión Europea de vetar a pesca de fondo, como todas aquelas medidas legais que adopten as empresas armadoras pola súa conta.

b) Reitere ao Goberno de España a urxente necesidade de solicitar á Comisión Europea que rectifique e anule o novo Regulamento UE 2022/1614 da Comisión, do 15 de setembro de 2022, polo que se determinan as zonas de pesca en augas fondas e se establece unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou a posibilidade de que existan, que entrará en vigor a comezos de outubro deste ano.»

A sra. Calvo di que leu isto porque pensa que xa está no estamento público adecuado e xa está en trámites, e o Concello de Teo está moi limitado neste sentido, aparte de que traer cousas reiterativamente non lle parece. Entende que teñen que cubrir o expediente e dotar de contido os postos, pero considera que isto realmente é populismo e oportunismo.

A sra. Calvo recoméndalle á sra. Castelao que cando vaian traer mocións, para axilizar o Pleno e non perder o tempo e que realmente se poida facer, pois que filtren un pouco. Sinala que nas cuestións de fondo están de acordo, pero como pensan que isto non é de ámbito local van votar que non.

O sr. alcalde sinala que dende o seu grupo hai cuestións que non comparten, como o procedemento seguido pola Unión Europea, e comparten totalmente a situación na que queda a flota pesqueira, coa necesidade de axudas correctoras e demais, é dicir, que teñen moitas cousas coas que están de acordo coa moción do BNG pero tamén é certo que nas cuestións de fondo teñen certas dúbidas. Comparten que os informes científicos e técnicos son insuficientes pero tamén é certo que é unha situación que non é nova de agora e a situación da pesca de arrastre a discusión científica sobre iso vense arrastrando dende hai moito tempo, entón vanse abster.

Intervén a sra. Diéguez quen lle di aos concelleiros do PP que se se fixeron as cousas tan ben, non entende por que a sra. Calvo se sente tan ofendida, porque se tivera a conciencia tranquila non se poría tan á defensiva. Sinala que elas en ningún momento pretendían mal ningún, que preguntaron de boa fe, e que xa saben que no Parlamento

se aprobou iso porque o BNG interviu no Parlamento varias veces e o sector se mobilizou, e ao PP non lle quedou máis remedio, pero non lle sona nada de que o Presidente fose a Europa a dicir nada. Pensa a sra. Diéguez que foi para América, no tempo que tiña que ir a Europa, e en todo caso os señores do PP non lles van dicir o que teñen que traer ao Pleno e o que non teñen que traer. Manifesta que elas teñen claro a quen defenden, que defenden ao sector naval e por ende defenden os intereses de todos os galegos e de todas as galegas, porque o sector naval dalgunha maneira afecta a todos, non hai mar en Teo pero si que se come peixe.

A sra. Calvo pide a palabra por alusións. Sinala que non está enfadada, senón algo cansada, engadindo que a recomendación é por axilizar os temas que realmente son interesantes para Teo, que pensa que hai bastantes. Sinala que efectivamente eles non son quen para dicirlle o que deben de traer ou non, que é unha recomendación, en cambio as concelleiras do BNG, e está gravado e nas actas, permítense o luxo de dicirlle ao PP que non poden traer mocións da ocupación, que non son de interese de Teo cando hai en Teo ocupacións, e do sector cárnico, porque é evidente o que hai aquí en Teo. Aclara a sra. Calvo que, por outra banda, o representante oficial de España é o presidente do Goberno central.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dous votos a favor (2 BNG), seis en contra (6 PP), e seis abstencións (4 Son de Teo e 2 PSde-PSOE), acorda rexeitar a moción do grupo municipal do BNG, do 20 de outubro de 2022, en defensa da frota pesqueira galega fronte ao novo regulamento imposto pola comisión europea (rex. entrada nº 5745, do 20/10/2022).

7.3.- Moción do grupo municipal do BNG, do 20 de outubro de 2022, relativa á rebaixa do IVE no gas (rex. entrada nº 5746, do 20/10/2022).

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.^a Patricia Castelao Ferreiro.

Nentre intre, sendo as vinte e dúas horas e quince minutos abandona o Salón de Plenos D.^a Dolores Nariño Facal.

A sra. Castelao di que o goberno reduciu o IVE aplicable o gas natural, engadindo que é ata o 31 de decembro e de aí a urxencia.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do grupo municipal do BNG, do 20 de outubro de 2022, relativa á rebaixa do IVE no gas (rex. entrada nº 5746, do 20/10/2022).

A sra. Castelao da conta da moción do seu grupo, do 20 de outubro de 2022, relativa á rebaixa do IVE no gas (rex. entrada nº 5746, do 20/10/2022), que se recolle a continuación.

“Moción Relativa á rebaixa do IVE no Gas

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Teo presenta para o seu debate en Pleno a seguinte MOCIÓN.

Exposición de motivos:

O 1 de outubro entrou en vigor o Real Decreto Lei 17/2022, polo que se reduciu temporalmente o tipo do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) aplicábel ao gas natural, que pasa do 21% ao 5%. A redución do IVE tamén será de aplicación á biomasa, pellets, briquetas e leña até o 31 de decembro de 2022.

Con esta medida, aprobada polo goberno español, veranse beneficiados veciños e veciñas da vila, que contén co gas canalizado nos seus domicilios ou algún dos elementos mencionados, o que reducirá notabelmente a factura da calefacción nos vindeiros meses.

Sen embargo, como sabemos, a canalización do gas non chega a todos os domicilios da vila e por suposto tampouco chega ao rural, polo que a meirande parte dos nosos veciños e veciñas do noso Concello non poderán beneficiarse desta medida ao utilizar outro tipo de carburante para as calefaccións, como pode ser o gas licuado do petróleo (butano e propano).

Tendo en conta que o gasóleo de calefacción tamén entrou dentro da rebaixa dos 20 céntimos aos carburantes, aprobando no Real Decreto 6/2022, de 29 de marzo, é inexplicábel que o goberno español deixe fóra da rebaixa do IVE ao 5% o gas butano e o propano, que ademais de utilizarse na calefacción tamén se usa a nivel doméstico (cociña, estufas, ...) e tamén a nivel industrial.

Deixar fóra aos consumidores e consumidoras do gas butano e propano é unha grave discriminación que cómpre corrixir con urxencia, xa quen en moitos casos son as persoas máis vulnerábeis, desde un punto de vista económico, os que quedan fóra desta medida, e non teñen opción ao gas canalizado e en moitos casos tampouco capacidade económica para instalar outro tipo de calefacción ou cociña.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. O Pleno da Corporación Municipal de Teo insta ao Goberno Español a rebaixar ao 5% o IVE do gas licuado do petróleo (butano e propano).
2. Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado e aos Grupos Políticos do Congreso dos Deputados.

Teo 20 de outubro do 2022

Patricia Castelao Ferreiro (Portavoz Municipal do BNG de Teo)”

Aberta a primeira quenda de intervencións, o concelleiro do PSdeG-PSOE, sr. Moñino, anuncia a abstención do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen anuncia o apoio do seu grupo.

O sr. alcalde anuncia o apoio do seu grupo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con doce votos a favor (4 Son de Teo, 6 PP e 2 BNG) e dúas abstencións (2 PSdeG-PSOE), acorda:

- 1.- O Pleno da Corporación Municipal de Teo insta ao Goberno Español a rebaixar ao 5% o IVE do gas licuado do petróleo (butano e propano).**
- 2.- Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado e aos Grupos Políticos do Congreso dos Deputados.**

7.4.- Moción do grupo municipal do BNG, do 26 de outubro de 2022, relativa á reivindicación do 25 de novembro e á necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista no contexto de crise de prezos e de rearme do machismo (rex. entrada nº 5887, do 26/10/2022).

O sr. alcalde explica que neste caso a urxencia é clara, xa que o 25 de novembro está aí co cal ou se aproba agora ou non se aproba.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 6 PP, 2 BNG e 2 PSdeG-PSOE), acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do grupo municipal do BNG relativa á reivindicación do 25 de novembro e á necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista no contexto de crise de prezos e de rearme do machismo (rex. entrada nº 5887, do 26/10/2022).

A sra Castelao da conta da moción do seu grupo do 26 de outubro de 2022 (rex. entrada nº 5887), que se recolle a continuación:

“Moción relativa á reivindicación do 25 de novembro e á necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista no contexto de crise de prezos e de rearme do machismo

Patricia Castelao Ferreiro, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Teo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en pleno,

Exposición de motivos:

A violencia machista segue forte na nosa sociedade, como mostra da vixencia do sistema patriarcal. Proba disto son, por exemplo, os datos recentes dados a coñecer a mediados de outubro por parte do Observatorio do Consello Xeral do Poder Xudicial que indicaba que os xulgados galegos recibiron no segundo trimestre de 2022 ata 1.813 denuncias por violencia machista, un 9,9% máis que no mesmo período de 2021.

Ademais da preocupación pola vixencia da violencia machista, o contexto de 2022 engade a incerteza dunha situación económica na que a escalada de prezos que se vive desde hai máis dun ano impacta con virulencia nas mulleres, afondando na desigualdade.

Nun contexto onde, ademais, medran os discursos misóxinos que cuestionan a desigualdade e a violencia machista, é necesario que as administracións revaliden o seu compromiso co impulso e o apoio económico das medidas en materia de fomento da igualdade e loita contra estas violencias.

Entre os recursos máis importantes cos que conta o noso país están os Centros de Información ás Mulleres, cunha rede importante mais que aínda arrastra carencias como a falta de cobertura ao longo do territorio ou a insuficiencia dos cadros de persoal.

É necesario recordar que se ben os CIM son de titularidade municipal, a Xunta de Galiza delimita os requisitos que deben cumprir para a súa creación, os seus principios de actuación e as súas funcións, entre outros e tamén contribúe ao seu financiamento a través de convocatorias anuais en réxime de subvención.

A respecto do financiamento, a Xunta de Galiza establece unha contía total máxima de axuda que se pode conceder ao abeiro do Programa de apoio aos CIM e que é de 45.000 euros, no caso de que se trate dunha solicitude individual, e de 120.000 euros, no caso de que se trate dunha solicitude para a xestión compartida ou dunha entidade resultante dunha fusión de concellos.

Este tope máximo limita de facto o cadro de persoal e os perfís profesionais dos que dispoñen a maior parte dos CIM así como o seu orzamento, tal e como sinalou a FEGAMP no seu primeiro Informe sobre a acción dos concellos galegos. Estas limitacións orzamentarias, en canto á achega da Xunta de Galiza e as dificultades dos concellos de incrementar as súas achegas, deriva en que o groso dos recursos económicos vaian dirixidos ao pagamento do persoal e dos custes de mantemento dos centros mentres que apenas o 5% se destina a accións de prevención e promoción da igualdade.

Galiza é exemplo de importantes avances institucionais, como o recoñecemento da violencia vicaria como violencia machista, e de importantes mobilizacións, como amosa a cada vez maior resposta aos feminicidios en convocatorias e asistencia, ou as históricas manifestacións dos 8 de marzo. Neste contexto, aínda que temos avanzado, queda moito por facer e estamos nun momento histórico de ameazas de retroceso en materia de igualdade. Polo tanto, é necesario dar un paso máis fortalecendo un instrumento coma os CIM. Este é un chanzo necesario para garantir a igualdade de opcións e trato das galegas ao longo do territorio, para avanzar na profesionalización e na mellora da atención e para prever e intervir ante as necesidades actuais.

Por estes motivos, é preciso comprometérmonos co seu fortalecemento, ademais de revalidar o compromiso coas mobilizacións feministas e demandar das institucións o mantemento dos compromisos económicos coa igualdade e a loita contra a violencia machista

Por todo o exposto, o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

- 1.- Expresar o apoio da corporación de Teo ás mobilizacións feministas convocadas ao abeiro do 25 de novembro de 2022 contra a violencia machista.
- 2.- Demandar da Xunta de Galiza o incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2023 de forma que se sitúen, como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

3.- Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través das seguintes medidas:

3.1- O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.

3.2- Reforzar o financiamento anual dos CIM garantindo, asemade, que o Programa de apoio aos CIM cubra os custes de persoal e de mantemento, favorecendo o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e de promoción da igualdade así como a incorporación de novos perfís profesionais aos centros.

Teo 26 de outubro do 2022

Patricia Castelao Ferreiro (Portavoz Municipal do BNG de Teo)”

Aberta a primeira quenda de intervencións, o concelleiro do PSdeG-PSOE, sr. Moñino, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez anuncia a abstención do seu grupo. Salienta que, como sempre din, hai que seguir traballando neste eido e que o 25 de novembro sexa un día tamén para manifestar precisamente isto pero tamén teñen reiterado noutras ocasións cada vez que se trae esta moción que efectivamente si que hai apoios e investimentos dende hai moito tempo por parte do PP a cargo da Xunta, sempre houbo propostas e se foi mellorando co paso do tempo, entón evidentemente en contra non van a ir porque as melloras sempre son boas, pero absteranse.

O sr. alcalde sinala que están de acordo coa moción presentada.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (4 Son de Teo, 2 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e seis abstencións (6 PP), acorda:

1.- Expresar o apoio da corporación de Teo ás mobilizacións feministas

convocadas ao abeiro do 25 de novembro de 2022 contra a violencia machista.

2.- Demandar da Xunta de Galiza o incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2023 de forma que se sitúen, como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

3.- Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través das seguintes medidas:

3.1- O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.

3.2- Reforzar o financiamento anual dos CIM garantindo, asemade, que o Programa de apoio aos CIM cubra os custes de persoal e de mantemento, favorecendo o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e de promoción da igualdade así como a incorporación de novos perfís profesionais aos centros.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

A/s concelleira/s do BNG, formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- A sra. Castelao sinala que na pista que vai para Bustelo hai un carteliño que pon "P.3", dende a Igrexa de Luou cara Solláns, onde está a marquesiña, ao pasar para adiante, antes da ponte, antes do campo de fútbol, onde hai unha pista pequena que

ten unhas fochancas enormes. Pide a sra. Castelao que se lle bote algo, porque da pena e a xente do lugar o agradecerá.

2.- Sinala a sra. Castelao que unha das pistas que tamén é moi transitada é a que vén dende a rotonda de Viñas cara Carballal e xusto onde estaba o das autocaravanas, onde tamén hai unhas fochancas tremendas.

O sr. Igrexas di que alí fixeron unha obra de algo e aquilo está así cada vez que chove.

A sra. Castelao sinala que é certo, que se ve que se arranxa e volve outra vez, pero que está bastante mal outra vez.

3.- Manifesta a sra. Castelao que hai veciños de Luou que lle comentan que queren unha desratización, xa que alí ao lado da Mámoa, nos contedores, viron ratas. Tamén cando se baixa como indo para Calo antes de onde está a ponte que vai para a ruta das muiñeiras, tamén por alí había ratas. De feito, sinala que ían cara Espasande.

O sr. alcalde pregunta se estaban soltas na Carballeira, a sra Castelao aclara que nos contedores da Mámoa.

4.- Pregunta a sra. Castelao polas farolas que están postas pero sen bombilla, que só están os postes, engadindo que hai moitísimo tempo que se reclamara iso e así seguen. Pide por favor que se faga algo, que os postes desas luminarias non se puxeron e hai unha casa que leva con elas diante un ano, unha casa de Mouromorto, a casa de Fonseca, hai catro ou cinco postes diante da súa porta, que está para ver, está xusto no cruce. Sinala que están alí tirados os postes, parece como que trouxeron de máis e deixáronos alí tirados en vez de retiralos.

O sr. alcalde di que hai unha explicación, pero non dos postes tirados, iso non o sabían, polo que non teñen explicación. O problema das outras, sinala, é que a canalización ía soterrada, no proxecto de reurbanización, pero non ía a posta das luminarias, entón mentres non se completa, non se pode arranxar. Sinala que foise facendo progresivamente, vanse completar polo menos en Mouromorto, en Sestelo, nestes sitios onde se fixo a reurbanización, e na medida en que se poñan elimínanse as outras luminarias. Pero o problema é que agora hai que asumilo case con orzamento do Concello entón leva máis tempo.

5.- A sra. Castelao sinala que alí mesmo, en Mouromorto, un tal José que solicita un espello, pensa que xa falou co sr. Igrexas. Entende que noutro Pleno xa pediron máis espellos e pídelle que se considere.

O sr. Igrexas explica que hai que pedilos, logo instalalos, etc. Di que hai cousa dun mes que falou con el e que xa lle dixo tamén o que pensaba, é dicir, que hai algo nese caso que fai que se considere que non pode ser.

A sra. Castelao fai referencia ao muro da casa do interesado, que está mal.

O sr. Igrexas di que si, pero que hai unha dificultade engadida, xa que se se un fai un muro de determinado xeito logo non vai haber visibilidade, como norma xeral, e neste caso hai unha consideración maior polas súas condicións. A xente cando constrúe un muro na súa casa ten que prever que ten que saír en coche.

A sra. Castelao di que non sabe exactamente se cando fixeron o muro da súa casa os das outras casas estaban como para reducir a estrada, que non se mete aí.

O sr. Igrexas di que simplemente o que está a facer é unha reflexión, engadindo que a o interesado xa lle dixera que si.

6.- A sra. Castelao sinala que hai un tema na Casa Común de Rarís, que ten un precinto. Pregunta que pasa con ela e di que pensa que non se pode facer uso dela por perigo. Pregunta se se pode facer algunha mínima intervención ou o que sexa máis que nada porque vai caer. Sinala que é unha casa á que se lle podería dar un uso bastante importante para a veciñanza.

O sr. alcalde di que o único problema aí é o importe, xa que esa casa hai que rehabilitala na súa totalidade. Os informes técnicos, os últimos, dicían que podería haber algún desprendemento de pedras, por iso se clausurou, pero tampouco é un risco inminente de derrube nin nada. Explica o sr. alcalde que tiñan esperanza de poder incorporala nalgunha destas medidas de rehabilitación pero limitouse a dúas actuacións, co cal non se puido meter, e ten un custe moi elevado.

7.- A sra. Castelao pregunta como está o tema do das parcelas do centro de saúde.

O sr. alcalde di que xa está mercada, pagada, e o único que se precisa é escriturala.

Sinala o sr. alcalde, contestándolle ao PP, que si que faltaba un papel do cal o Concello non encontraba a referencia, xa se mandou pero inicialmente non se pedira e logo cando falara cos concelleiros do PP si que a enviaran a urbanismo e de feito xa o técnico o contestara co informe pertinente. A partir de aí o arquitecto falou con quen remitía iso e avanzouse moito no sentido de clarificar cal era a actuación a facer e que é necesario facer un plan especial, que se tentará acelerar o máximo posible.

O sr. alcalde explica que o arquitecto municipal xa contactou cunha empresa para redacción do plan especial.

A sra. Diéguez pregunta se iso ten un prazo.

O sr alcalde di que a Xunta non pon un prazo na medida en que se teña capacidade de sacar o plan especial, que vaian traballando xa no proxecto, etc. O que si está claro é que antes do 24 non vai a poder ser.

O prazo máis optimista sería o inicio das obras a finais do ano que vén .

8.- A sra Castelao sinala que nas Pontes, xusto onde o río, a varanda que está aí, ao lado da estrada, está perigosa.

O sr. alcalde di que son conscientes de que nesa obra en concreto hai dúas ou tres cousas que están pendentes pero que costa traballo acabar de facelas, que son iso que di a concelleira do BNG, a colocación de sinais de prohibida a dirección excepto residentes en Fixó e algunha cuestión máis na rúa Cascalleira, tratándose todas cousas da mesma obra.

A sra. Castelao di que iso ten perigo porque ten a varanda polo lado que non é.

O sr. alcalde di que ten o perigo co río pero non cos coches, pero que aínda así ten razón a sra. Castelao.

9.- A sra. Castelao pregunta que pasa nos Tilos, coas árbores, que seica caeron unhas árbores, engadindo que así o comentaron os veciños.

O sr alcalde pregunta cantas caeron.

A sra. Castelao di que algún veciño lles comentou iso, que caeu unha árbore e que tiña medo a que caeran máis, pero non sabe se caeron ou non, pero si que é certo que

solicitaron que se se podían revisar esas árbores. Por iso pregunta, por se o fixeron ou non.

O sr. Igrexas di que caeu unha árbore, un bidueiro, na zona da praza central. Aí esas árbores están afectadas por un fungo que os está liquidando. De feito o ano pasado cortáronse dous e este ano íanse cortar outros dous, o que caeu e outro que se cortará nos próximos días. Este en concreto estaba moi afectado porque se fixo unha gabia de de R, pasou un cableado por alí e tocoulle un pouco ás raíces, entón antes de cortalo xa caeu pero estaba bastante danado por ese motivo. Sinala que esa é a árbore que caeu nos Tilos.

Sinala o sr. Igrexa que, doutra banda, mestúranse as cousas. Explica que esgazou unha póla dun carballo nun dos terrapléns, o primeiro que hai entre a estrada e a liña de edificios. Era un carballo que tiña 3 gaias e unha delas esgazou. Entón iso precisamente parte dunha poda nos anos anteriores, cando o carballo era bastante novo, que provocou esa forma que ao final lle deu menos resistencia ó vento.

Sinala que tamén caeu un eucalipto seco que había no club dos Tilos, nunha finca privada, cunha responsabilidade privada, e que evidentemente a asociación de veciños en algún momento comunicou que había eses eucaliptos pero son dunha finca privada e a responsabilidade é dos donos. Os donos saben que teñen que cortalos pero cústalles cartos, e iso foi o que pasou, polo que aí o Concello non ten nada de responsabilidade.

Explica o sr. Igrexas que, con respecto ás árbores, aquí hai anos, non agora, fíxose unha VTA, que basicamente é unha auditoría de cada árbore. Entón hai unha auditoría que fixo Arbogal, fai sete ou oito anos, na que hai unha ficha individualizada de cada árbore cos riscos e co tratamento que se lle ten que facer, a nivel de podas e demais.

O xefe da cuadrilla é un especialista en tratamento arbóreo, de feito fixo un curso de postgrao en Madrid, no cal parte do financiamento foi facilitado polo Concello, sendo el quen determina o tratamento das árbores e a actuación sobre os mesmos.

Sinala que, a nivel político, pódese decidir cortar os magnolios de aquí da urbanización se o pide a xente, pero iso non ten nada que ver co tratamento que se lle da a unha árbore. Unha árbore dun parque público non o decide o concelleiro de turno o que lle

hai que facer, o criterio márcano os técnicos. Ademais existe unha ficha actualizada de cada árbore, sendo Teo un dos poucos concellos nos que existe. Antes a pregunta de se pode caer, sinala que si, que se limita moito o risco pero a única forma de que unha árbore non caia é que non exista.

O sr. Igrexas reitera que se lles fai un tratamento técnico, engadindo que o encargado de xardíns do Concello non deixa de dicir que unha mala poda agora pode significar que esa árbore teña un mal prognóstico de caída. De feito hai árbores dentro do parque dos Tilos que teñen moi mal prognóstico de caída dende hai anos, e que se van a retirar, e é posible que algún xa se retire este ano, pero non son ó mellor os que a xente está vendo. Sinala o sr. Igrexas que de aí tamén vén a outra parte do asunto, cando se propón unha tala hai que saber exactamente por que se propón, xustificala e planificala, porque hai talas planificadas dentro dos Tilos e hai árbores que xa se substituíron coa árbore posta. Hai árbores que están medrando ao lado de árbores que se van quitar e non é só nos Tilos.

Explica o sr. Igrexas que evidentemente doutra banda nos temporais as árbores móvense e algunha rama pode caer, iso é cuestión un pouco de sentido común. É dicir, se se está no medio dun temporal, aínda que non haxa alarmas el non lle recomenda a ninguén que dea un paseo por debaixo das árbores aínda que tampouco se lle pode impedir.

A sra. Castelao di que o comentaba porque hai uns meses nun Pleno, referíndose ás zoas públicas, pediu que se fixera unha revisión por posible caída dalgunha árbore. Di a sra. Castelao que non sabe canto fai que está feito ese estudo de clasificación das árbores e reitera o que comentara naquel Pleno, que por favor se faga unha visual ás árbores públicas por se teñen perigo de caída.

O sr. Igrexas di que o estudo non é algo que se fixo no momento e xa está senón que ten unha previsión de actuacións cara ao futuro, precisamente os técnicos teñen que visualizar e así, por exemplo, este ano case se talou un carballo en Baamonde que estaba ameazando con caer, e non caera, pero estaba moi inclinado. Fanse actuacións todos os anos, evidentemente tamén debe terse en conta que a xente traballa e traballa ben, pero sempre pode haber un risco inherente. En Pontevedra, por exemplo, o outro

día co temporal caeron 16 árbores e hai concellos que, precisamente neste tema, non teñen o persoal tan formado como ten Teo.

10.- A sra. Diéguez di que non sabe se é pola hora, que é moi tarde, ou porque se está facendo maior, pero hoxe ten algo de desazón. Sinala que quere presentar un rogo. Di que hai temas que son moi importantes para a calidade de vida das persoas. Sabe que o das fochancas e todo o resto é moi importante, pero no Concello hai cousas que determinan moito a calidade de vida. Unha cousa que o fai, para ela, é ter uns centros médicos ben dotados, polo que quere rogar que se axilice o máis posible o do centro de saúde.

Aclara a sra. Diéguez que di isto porque estes días que se falaba do Centro de Pontevea, dos centros médicos que había que construír un en Teo e poñerse todos de acordo e todo iso, ela sente que, ese atraso que se leva con respecto doutras áreas sanitarias, é un fracaso político e social. Salia a sra. Diéguez que non di que a Xunta teña a culpa, pero que dende aquí non se soubo traballar debidamente para ter un centro médico en condicións a estas alturas. Entón a ela parécelle que para o 2024 xa hai que esperar, e está ben, pero esperar máis diso parécelle moito e de feito coñece xente que se está indo de Teo por este tema, se que iso supoña que todo o mundo se vai de Teo por non ter un centro médico decente, aínda que hai xente que si o fai.

11.- Sinala a sra. Diéguez que outro tema que lle parece importante é o da fibra óptica. Di que en Oza non saben nada da fibra óptica e que xa o comentou varias veces e seguen igual. Tamén lle parece que é calidade de vida, non pode ser estar a dez minutos de Compostela e que moitas persoas non teñan acceso a internet como ten que ser. Roga a sra. Diéguez que dende o Concello se poñan en contacto coa empresa e se lles dea un pouco de caña, e se a Xunta ten que dar permiso para facer unha obra pois que dea permiso para esa obra, porque non se pode estar eternamente así, porque a calidade de vida das persoas vese afectada.

12.- Sinala a sra. Diéguez que o que é un pouco frustrante é o da recollida do lixo. Pensa que o Concello tiña que terse posto as pilas co do reciclaxe hai moito tempo e vai con atraso, entón a ela isto descorazónalle bastante, ver o servizo de recollida que hai no concello e que ver como o da contorna tamén levan vantaxe niso. Rogaría que dende o Concello, na medida do posible, cando se trata de temas que afectan

realmente ao concello que son substanciais para a calidade de vida se tomen en serio, aparte de que haxa que facer outras cousas máis menudiñas, pero sen perder a perspectiva.

O sr. alcalde di que toman nota.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

As/os concelleiras/os do PSdeG-PSOE formulan os seguintes rogos e/ou preguntas.

1.- O sr Moñino pregunta polos módulos da biblioteca dos Tilos. Sinala que dende fai algún tempo estase cambiando madeira en mal estado e agora hai nunha parte baixa dun dos módulos ma que se fixo unha mostra, que non sabe se é pintura ou resina, ou o que, e non sabe se se corresponde todo a un proxecto, e se é un proxecto municipal.

A sra. López di que tratándose da obra que se está facendo, cuxo cartaz está dentro da biblioteca, é unha obra cofinanciada cunha axuda da Xunta, ben é certo que se trata dunha axuda reducida, xa que obra ascende a 27.000 €, con IVE incluído, e o financiamento é de 8.000 €, polo que o resto se financia con fondos propios. Explica que considerouse que se tiña que facer a reforma porque as contras, por exemplo, non abrían, a madeira combou e non se podían abrir, e era un encordio para as persoas usuarias que sempre tiñan que estar pechadas, incluso para a seguridade, porque alí entraron tres veces, porque non era nada fácil pechar.

Explica a sra. Álvarez que esa obra foi feita por uns arquitectos que se chaman Ameneiro Arquitectos, e foi premiada no seu día, e trátase dunha obra que ten un deseño que foi así feito por eles e os servizos técnicos municipais, e por iso decidiron contactar con eles e foron os que elaboraron, previa petición da subvención, un proxecto de restauración, pero é certo que non é unha restauración que remate con un produto final idéntico ao que había. As cubertas van a estar desta volta pintadas, consideran que pode ser mellor para o futuro, mellor para o mantemento, para non ter que repetir isto dentro de “x” anos, que tampouco sabe cantos serían, pero desta volta foron doce, e entón propoñen unha pintura á cera. Sinala que pode concordar co concelleiro ou non, pero non vai entrar a discutir o informe técnico. Sinala que si, que

van a ir as tres pintadas e que a idea é que o ano que vén se poida facer a cuberta do tellado, que tamén está bastante tocada, porén desta volta só é a envolvente.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

As/os concelleiras/os do PP formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1. - O sr. Guerra sinala que en Procelas, 32, un veciño pide poñer un tubo aberto na cuneta, porque cando lle vén toda a enxurrada coma estes días que chove moito éntralle a auga para a cociña, pois ten a cociña alí cerca.

2.- Di o sr. Guerra que, tratándose do espello de Mouromorto, José Manuel, o veciño afectado, di que lle dixeron que lle daban o permiso pero que o espello o comprara el.

O sr. Igrexas di que non é así exactamente.

3.- O sr. Guerra pregunta por uns baches diante da cantina de Luou que son tremendos.

4. - O sr. Guerra pregunta polo camiño de Texexe, 11, en fronte a Rodiñas, entre a casa esa e a estrada xeral, hai unha táxea que ten pouco paso e estes días bordou a carreteira e piden que se lle limpe e se afonde a cuneta e se aumente o tubo que está alí.

O sr. Igrexas pregunta onde está exactamente.

O sr Guerra di que é un tubo que está para a entrada dunha finca, ao que responde o sr Igrexas que é unha tajea privada.

O sr. alcalde di que o que pasa é que aí os servizos técnicos cando dan os permisos piden unha sección mínima de 40, polo que haberá que mirar.

5.- Di o sr. Guerra que o camiño do francés está nun estado deplorable, engadindo que non vai volver a traelo máis aquí pero está moi mal.

O sr. Igrexas di que no camiño francés o 0volume de obra preciso non se vai poder afrontar con fondos propios, iso ten que ir a un POS. E xa sabe o sr concelleiro como se deciden os POS.

O sr. Guerra di que polo menos haberá que bachealo un pouco.

O sr. Igrexas di que son obras de envergadura que non poden facerse con fondos propios, teñen que ir a un POS. O sr Guerra di que como é unha obra de envergadura é un camiño que temos que tender a anchealo, porque ninguén se pode imaxinar o tránsito que ten ese camiño.

6.- A sra. Castro sinala que só ten unha pregunta. Di que xa van 7 meses dende que se falou o do semáforo para a persoa invidente en Montouto, que ao parecer estíbese esperando a chegada do último orzamento, pregunta se chegou ou non. Salienta a sra. Castro que o señor quere saber en que estado está ese trámite, pois el só non pode camiñar.

O sr. alcalde di que mañá se pon con el.

7.- A sra. Castro pide a recolocación dos contedores da entrada do colexio.

A sra. Otero sinala que ela estivo mirando por alí pero que non sabe cal é a mellor opción, porque agora están atrapados diante. O problema é que se se moven os peóns non poden pasar.

A sra. Castro di de movelos para a entrada do colexio, poñelos de lado do portal, onde estaban, que o camiión ten que ir marcha atrás ese cacho pero non é moito.

A sra. Otero reitera que o problema son os peóns, que quedarían atrapados.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e tres horas, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz